



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE MAIO DE 2010.-

<u>Sres. Asistentes.</u>	
<u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:.</u> Dna M ^a Victoria Montenegro Paz Dna Ana M ^a Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Francisco García Prego. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna. Mercedes Grande Regueiro. Dna. Josefina Martínez Martínez. D, Luis Cendán Fernández. <u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cuarenta e cinco minutos do día vinteseis de maio de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- APROBACION E PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS POLO CONCELLO PLENO O DÍA 23 DE MARZO DE 2010.

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la sua aprobación as actas das sesións celebradas polo Concello Pleno as 9,14 horas do día 23 de marzo de 2010, e as 9,47 horas do día 23 de marzo de 2010.

Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO SERVICIOS IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE ARES PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE ARES.

Examinado o borrador do convenio remitido polo Consorcio Galego de Servicos de Igualdade e Benestar para a xestión do Centro de Día de Ares, do seguinte teor litaterral:



“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE ARES PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE ARES

Santiago de Compostela, de de 2010

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Traballo e Benestar, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOGA do 7 de xullo de 2006.

E doutra, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo actuando en representación do Concello de Ares, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOGA do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”).

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;*

- incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;*



- *Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.*

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial.

Asemade, a Lei 13/2008 prevé no seu artigo 29.1 que os servizos sociais prestaranos as administracións públicas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público.

SEGUNDO.- Que o Concello de Ares (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 11 de decembro de 2007.

TERCEIRO.- Que o 9 de xuño 2008 o Concello e o Consorcio asinaron un convenio para a construción dun Centro de Día no que ambas as partes manifestaron a súa vontade de que a xestión do Centro de Día correspondera ao Consorcio a través do convenio asinado co Concello para tal fin.

Que de conformidade con todo o exposto, ambas as dúas partes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a xestión do Centro de Día do Concello de Ares.

SEGUNDA.- Xestión do Centro de Día

O Consorcio asumirá a dirección, avaliación e control da xestión do dito centro, de acordo coas normas que o regulan e con plena autonomía funcional, garantindo a prestación dunha atención terapéutica integral e plural ás persoas usuarias do centro,



promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.

Ao Consorcio corresponderalle, así mesmo, a elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de atención xerontolóxica, dentro dos obxectivos do sistema de servizos sociais definidos pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

O Concello participará na xestión do Centro de Día nos termos e proporción que determinen as normas de carácter interno da mesma. Ademais, os servizos sociais municipais colaborarán na tramitación das solicitudes para o acceso ao centro de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

O Consorcio farase cargo dos gastos derivados do funcionamento e equipamento do centro posteriores á sinatura deste Convenio.

O Concello cede o uso do inmovible dedicado a Centro de Día situado en _____, asumindo un terzo dos gastos totais da xestión integral do centro.

O Concello ocuparase tamén do mantemento da urbanización do edificio e/ou axardinamento, así como da vixianza e seguridade do mesmo, garantindo o mantemento dos sistemas sinalización e de seguridade viaria e dos servizos de protección civil ou aqueles outros que fosen necesarios para situacións de emerxencia. Os gastos derivados destes servizos poderán imputarse á achega do concello que se realice segundo o previsto no parágrafo anterior.

A liquidación das achegas económicas do Concello realizarase anualmente, unha vez sexa remitida a certificación da Secretaría e/ou Intervención acreditativa do gastos realizados por este, en virtude do disposto na cláusula 3ª do convenio.

CUARTA.- Comisión de seguimento.

A vixianza e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e o/a Alcalde/sa do Concello, ou persoas en quen deleguen.

A dita comisión terá como funcións: a avaliación dos resultados da execución do convenio; a proposta, a iniciativa da representación do Consorcio, da actualización da aportación económica do Concello e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

QUINTA.- Duración



O presente convenio terá unha duración de dez anos naturais.

O convenio poderá prorrogarse por períodos de igual duración, previo acordo das partes, antes do inicio do último ano do correspondente período.

SIXTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

SÉTIMA.- Actualización do Convenio.

A actualización da aportación económica do Concello será revisada anualmente pola Comisión de seguimento segundo o especificado na cláusula cuarta deste Convenio. Unha vez calculado e comunicado polo Consorcio o custo/praza/día revisado anualmente.

OITAVA.- Natureza e réxime xurídico aplicable.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do sector público xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela a ... de ... de 2010

A PRESIDENTA DO CONSORCIO GALEGO DE O ALCALDE DO CONCELLO DE ARESSERVIZOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Asdo. Beatriz Mato Otero

Asdo. Julio Ignacio Iglesias Redondo

O Sr. Alcalde manifesta que é como o convenio da Galiña Azul.

Interven a voceira do BNG, a Sra. Abeal Perez, manifestando que este conven serve



para deixar claro que o Concello debe facerse cargo dun tercio dos costes, e que estes costes aumenten anualmente, será o que diga o xerente do Consorcio, so sirve para deixar carta branca, e unha carta branca e so temos que pagar, a segunda clausula despacha a participación do Concello na xestión do Centro, dicindo que será a que determinen as normas de carácter interno da xestión do Centro, e dicir que pretende que se asine un convenio cuio obxecto é regular a xestión do Centro de Día do Concello de Ares, na cláusula primeira, e todo é o afan de dicir que a participación do Concello será a que determinen nas citadas normas, e onde están estas normas, e por suposto, aproveitarse para que o Concello pague un tercio dos gastos, o que dicia nun principio dase carta branca e que pague. Pois o BNG propón a este Pleno que faga propostas para que este convenio cumpra co seu obxecto, que é efectivamente regular a xestión do Centro de Día, e propoñemos a este Pleno que tome en consideración as seguintes propostas: Na cláusula segunda no primeiro parrafo deberá dicir, "O Consorcio garantizará a xestión pública do Centro e asumirá a dirección e todo o sigue no primeiro parrafo. No segundo parrafo o Concello participará na xestión do Centro de Día, nos termos e proporcións que determinan as normas de carácter interno das mesmas, o que pido e que se inclua que as normas que se adendan a este convenio, quero dicir que esas normas veñan aquí e que sexan asinadas, que estean adheridas a este convenio cando o asinemos, ademáis os servizos sociais municipais, colaboraran na tramitación das solicitudes, eso e o que ven no convenio que nos propoñen, pero eu quero que se aumente, e formaran parte da comisión de valoración das persoas solicitantes, que eso era o que ía a facer antes nos convenios anteriores, que incluso veñen na proposta do consorcio, pola que se rixe agora mesmo, non pasada nada porque conste ahí. Tamen quero que se engada que o Concello participará no órgano de selección do persoal, mediante dous representantes, ¿Por qué hay que garantir a xestión pública? ¿Por qué?, pois porque o BNG desde sempre, para o BNG os servizos Sociais deben de ser xestionados polo sector público, sobre todo neste momentos de crise, nos que nos atopamos, non podemos entender que os recursos públicos, se vaian a máns privadas, tanto máis non podemos entender, onde vai a sair, o beneficio das empresas máis un 25% de aforro que se pronostica según do xerente do consorcio, coa externalización do servizo, a mín as contas non me saen, non é o mesmo pagar os gastos de funcionamento, e aínda encima de pagar esos gastos, pagar os beneficios para a empresa, as contas non saen, non é como dín, e o peor, se isto sae máis barato, que quere dicir, que se fixo unha rebaixa nalgunha parte, ¿onde?, que se fixo unha rebaixa de persoal, os usuarios estaran peor atendidos e saturados todos os servizos, ou ben sera nos salarios dos empregados, porque eu tampouco estou dacordo neso, porque todo o mundo ten dereito a cobrar un salario digno, por eso nos queremos evitar a xestión pública, porque esixir que as normas se adenden neste convenio, debidamente asinadas, porque senón este concello asinará un convenio para a participación na xestión do Centro sen saber como vai a ser esa participación, por outro



lado a Comisión que propón o convenio, é unha caricatura da que debe ter unha Comisión para o seguimento dun convenio que asinan entre dúas institucións, polo tanto, nos propoñemos tamén que o Pleno faga chegar ó Consorcio as seguintes propostas de modificación do convenio:

Na cláusula cuarta, di a vixiancia e seguimento do convenio encomendase a unha Comisión Mixta, e nos queremos que continue, con catro membros e non con dous, como propón ela, o Xerente e o Sr. Alcalde, unha Comisión formada por dúas persoas nada máis é ridícula, se eu digo que si e ti dis que non, ¿quen ten a razón?, nos queremos que sexan catro membros, dous do Concello e dous do Consorcio, O Presidente da Comisión terá voto de calidade, un funcionario estará de Secretario da Comisión, sen voz e sen voto, e a Presidencia da Comisión establececese con alternancia, entre ambas institucións por períodos anuais, inicia a Presidencia o Consorcio, calquer membro da Comisión tamén poderá solicitar a presenza en Comisión da Dirección do Centro para Informar das cousas da xestión do mesmo. E por último nas normas de carácter interno da xestión do Centro deberá participar en Comisión, tanto a Comisión de Servicios Sociais do Concello como unha representación dos usuarios do Centro, iso todo penso que non pasa porque se lle remita ó Consorcio, e que si eles din que non aceptan será outra cousa, pero nos temos que facer os deberes que é que nos mandan os nosos votantes, e a xente que nos puxo aquí, e temos que defender os seus dereitos.

O Sr. Alcalde manifesta que do convenio que presenta o Consorcio do que forma parte o Concello de Ares, o que envían está no ámbito dunha entidade, na que efectivamente os Concellos participan, xiran un convenio de adhesión, efectivamente, xiran un convenio tipo e nos adherimos ou non, se votamos que este convenio non é bo temos que dicir porque, e podemos dicir que efectivamente non nos gusta por aches ou por bes, incluír emendas sendo un convenio de adhesión non procede, a voceira do BNG loxicamente quere que sexa así, eu creo que non procede pero que lle vamos a facer, se dous non se queren entender é así.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que lle parece un pouco de coña que presente isto o BNG, porque eu me lembro de ter problemas co Consorcio, porque por parte da Xunta de Galicia e Dependencia de Servicios Sociais que era competencia de Vicepresidencia, que quería meter unha persoa para xestionarnos e vulnerar os dereitos que temos os Concellos a organizarse e levar os servicios sociais, me parece un pouco de coña que veñan con isto cando tivemos que facer unha impugnación por varios Alcaldes, o final había un dictame tamén na Xunta e se nos deu a razón, creo que esta claro esto foi aprobado polos responsables do BNG, se aprobou a Lei o 3 de decembro do 2008, eso o dí claro que o Concello fixo un convenio e se adheriu ó Consorcio, o día 11 de decembro de 2007, creo que non hai ningunha dúbida que o servicio vai a ser público, e asemade a lei 13/2008 prevee no



seu artigo 29.1 que os Servicios Sociais prestaranos as administracións públicas directamente ou de maneira indirecta a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servicios públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do Sector Público, quero dicir que a campaña que se formou co tema dos Centros de Saúde, isto é exactamente igual, isto non foi feito pola Xunta do P.P, que non ten ningunha dúbida que a situación destes servicios é clara e concisa, e creo que esta aprobado con antelación e asinado polas dúas administracións, e vir agora a discutir esto cando está asinado polas duas adminsistracións e aprobado pola Xunta de Galicia, por certo pola Consellería de Vicepresidencia que era a que levaba este tema, parece lamentable que se veña agora con estas modificacións aquí por parte do partido que foi responsable de todo isto na Xunta de Galicia, creo que é unha saída de tono neste tema, por parte dos que foron responsables desto.

Acto seguinte toma a palabra o voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, para dicir simplemente que todas as propostas son lexitimas, entendo e ese é o meu punto de vista, que esta proposta que se trae por parte do BNG, desde o punto de vista procedimental non entendo eu que sexa moi correcta, porque se poñemos a cuestionarnos agora as Institucións creo que non nos conduce a nada, isto existe un convenio asinado desde o 2007, e entendo ademáis que este tipo suxerencias nos estamos representados ben polo Alcalde, que era onde se debían de dar no caso, de facer as propostas que aquí se nos entregaron, o mellor son moi lexitimas, xa digo, pero creo que nestes momentos non conven. En canto á proposta que se nos fai aquí é unha proposta xenerica, por parte do Consorcio nos remite para adhesión do convenio, polo tanto eu creo que sería bo adherirse, e ademáis hai un exemplo aquí, cando foi a contratación do persoal de Galescola da Galiña Azul, tamen se cuestionaba dalgunha maneira o tema do persoal que lle competía seleccionar, o Alcalde dixo que os concellos tiñan que estar representados, e parece ser que tamén hai un representante na Comisión de Contratacion por parte dos Concellos, polo tanto eu creo que ese é o lugar onde se ten que dar este tipo debates, e non vir aquí agora cunhas propostas que aparte de aprobalas creo que non nos van a levar a nada, o aprobamos, se nos adherimos ou se non nos adherimos, creo que andar con isto a estas alturas, cando por outra banda estamos interesados en que se poña en funcionamento canto antes, eu creo que debemos de aprobalos, e aproveito para dicir que o noso voto vai a ser favorable a adhesión ó convenio.

Toma a palabra o Sr. Echevarría Lage, manifestando que o 11 de decembro de 2007 se aprobou a inclusión deste Concello no Consorcio, tamen digo que me gustaría que nos aceptaran todas esas emendas, pero entendo que isto ó unico que vai levar consigo é que nos retrasen a posta en marcha do Centro de Día.



O Sr. Alcalde, manfiesta que temos unha visión medianamente clara porque así se nos transmite que a xestión do Centro de Día, vai a ser privada, o Xerente comunicou por activo e por pasiva, que o Centro de Día vai a saír a concurso, como sae a basura, para que unha empresa o xestione, se temos esa notificación que non é oficial pero é certo porque así se nos fixo saber; claro, garantir a xestión pública do Centro que é, que non pode saír a concurso, efectivamente o convenio é un convenio tipo, por eso digo eu, que se pode votar si ou non, pero incorporar cláusulas que sabemos que xa contradicen as informacións que temos pois lóxicamente é moi complicado, as aceptamos como emenda e procedemos a votar a emenda.

A Sra. Abeal Perez, respostando o Sr. Manuel Cendán, dille que si dicides que vai haber unha xestión pública porque tedes medo a poñelo no papel, porque hai medo en poñer “garantizar a xestión pública do Centro”, e por que hai problema por poñer que as normas se adendan a este convenio, se as normas xa están feitas, é moi importante que se asinen con elas dentro, claro que sí que hai convenio tipo cando se entrou no Consorcio, hai un convenio tipo que está asinado, nese convenio se pon que os servizos municipais, tramitaran as solicitudes e formaran parte das Comisión seleccionadora das persoas solicitantes, o único que fago é poñelo para asinar, este concello en particular non hai ningún problema porque está no Consorcio, logo que o Concello participara na selección do persoal, esto ven no convenio do Consorcio, entón , tamén podemos poñelo, porque non, a Comisión Mixta era así como ven, porque a cambiaron agora para estes convenios, constaba de máis persoas, poise u quero que neste convenio sigan as mesmas persoas, nada máis, son os nosos dereitos podemos pedilos.

Sometida a votación a emenda do BNG, o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2 BNG), e 11 votos en contra (5 PSde G-PSOE, 4 P.P, 1 NAL e 1 Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarría Lage), acorda rechazala emenda.

Sometido o convenio a votación, o Pleno do Concello de Ares, por once votos a favor (PSOE, PP, NAL, e Concelleiro non Adscrito) e dous abstencións (BNG), acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

PRIMEIRO.- Aprobar a sinatura do Convenio de Colaboración co Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar proposto, e segundo o texto recollido no presente.



SEGUNDO.- Facultar ao Sr Alcalde, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, para que en nome e representación do Concello de Ares asine dito Convenio de Colaboración, e cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo

TERCEIRO.- dar traslado do presente acordo ao Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar, aos efectos oportunos.

Punto núm. 3.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓN ORDENANZA VANDALISMO EN ESPACIOS PÚBLICOS.

O Sr. Alcalde manifesta que o Concello aprobou en Pleno unha Ordenanza que se denominaba Ordenanza de Vandalismo en Espacios Públicos, e publicouse no Boletín Oficial da Provincia se non estou errado, e unha vez publicada o BNG presenta alegacións, e en consecuencia esas alegacións loxicamente veñen outra vez ó Pleno.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que como da por feito que os compañeiros e compañeiras da corporación coñecen o contido da proposta, non vou a desvertebrala na súa totalidade pero si comentar un par de cousas que para nos son importantes, primeiro do tema que aludiu o Sr. Alcalde do tema da tramitación, non sabemos porque razón pero en todo caso tamén é curioso que un acordo Plenario que aprobamos o día 30 de outubro do ano 2008, non fose publicado ata o mes de marzo de 2010, e dicir que ahí houbo todo un espacio temporal, que non sabemos se esta ordenanza se perdeu, si era un indicativo de que era unha cousa que tampouco tiña moita prisa, e non é normal que un acordado do 30 de outubro de 2008, non se publique ata marzo de 2010 o BOP as veces é lento pero non é tanto, en calquera caso indo ó trascendental, que fundamentalmente as razón polas que presentamos esta alegación, a primeira delas é unha cuestión de fondo de negar a maior, e dicir nos negamos o que se denomina aquí vandalismo, e ademáis habería que matizar moito, non soamente é un fenómeno, que nos entendemos que non se esta dando como tal neste Concello, e ademáis pensamos que contribue bastante pouco que o Concello, aprrobe unha ordenanza con esa denominación porque xa se está creando unha imaxe dun fenómeno que non é certo, nos non negamos que no noso Concello nos tempos que estamos vivindo o igual que noutros Concellos poida haber algún tipo de gamberradas, gamberradas que naturalmente poidan pasar a maiores, pero establecer o concepto de vandalismo como tal, como si fora un problema que esta sufrindo o noso Concello, nos non o compartimos, xa o dixemos cando se aprobou inicialmente a ordenanza, e polo tanto se poderían arbitrar algún tipo de normas que pensamos nos que terían moitísimo máis que ver coas función que ten que cumprir a Policía Local deste Concello, cunha política de coordinación con outras forzas de seguridade, neste caso cao Garda Civil, ou fundamentalmente con políticas que írian dirixidas á prevención, pero a aprobación da ordenanza que establece todo uns parámetros de



penalizacións e no final de méritos para aqueles que se porten ben, pensamos nos que nos retrotrae a tempos que non estamos vivindo, e dicir estamos errando na análise que estamos facendo e estamos errando nas medidas, e porque estamos errando nas medidas, pois nos xa o dixeramos cando se aprobara inicialmente no Pleno do ano 2008, que efectivamente aquí se fixo unha cuestión, de cortar e pegar, esta ordenanza esta copiada pensamos nos que de algún Concello que non ten nada que ver co noso Concello, se utilizan determinado tipo de términos se fai referencia a determinado tipo de cuestións que non existen, no caso do lugar onde se vai a aplicar que é o Concello de Ares, por exemplo o cumprimento das directrices do Plan Xeral de Ordenación Municipal cando non existe, o tema da aplicación do inventario, etc., etc., pero o máis importante para nos é o seguinte, nos o que non podemos, facer son ordenanzas que despois non as damos cumprido, e dicir na hipotese de que esta ordenanza fose necesaria, o Concello cando aproba unha ordenanza debería ter garantido que a pode cumprir, para cumprir a ordenanza este Concello en primeiro lugar ten que ter unha Policía Local pois por exemplo que sexa primeiro máis numerosa, e en segundo lugar que patrulle polas noites, pois senón que se me diga a min como se cumple por exemplo o capítulo 6 artigo 12 na que se fai referencia os medios que existen na practica, os medios que existen na practica son os que son, a non ser que poñamos un administrativo a vixiar as ruas, a vixiar os banquillos ou o mobiliario urbano, e dicir para aprobar esto e non cumprilo e mellor non aprobalo, se é que fose necesario, que nos pensamos que non é necesario, desde logo o que pensamos e reitero aquí a nosa proposta é que primeiro este Concello si que necesita máis Policía Local, eso xa o defendimos curiosamente no debate que se de una RPT e casi nos quedamos en solitario, este Concello o primeiro que necesita na hipotese de que tiveramos a ordenanza de vandalismo aprobada é unha plantilla de Policía Local que poidese actuar l máis e mellor, porque os medios que hai son os que son, enton os policías locais non poderían cumprir esta ordenanza tal e como esta redactada aquí, nese sentido nos avogamos porque este tema non se aprobé definitivamente, porque é evidente, que non hai materia sobre a que actuar, nin aínda que a houbese teríamos medios para facelo dunha maneira ordenada, consciente e operativa, a min esto me recorda o tema dos vaos, temos que ter uns vaos evidentemente, pero sabemos todos e todas que si un coche aparca nun vao, o único que se lle pode facer é poñerlle unha multa, e o coche queda ali aparcado, e o señor ou señora que quera saír co coche non pode porque non temos un coche grúa, pois en fin vos dalledes unha volta a todo o relatorio de medidas que se poñen aquí, e mirade que non vamos a ser capaces de cumplilas porque é totalmente imposible, e despois quería dicir unha cuestión e xa remato, eu non sei porque razón esto aparte da paralización que tuvo por súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos presentamos a alegación con data de 6 de abril, pensamos que o retraso en vir ó Pleno, en teoría o Pleno que lle tocaría, pois sería efectivamente porque se estaba contestando a alegación, con todo unha serie de razonamentos para admitila ou non admitila e dicir, cando se presenta unha alegación a calquer tema debe de haber un documento que diga, por exemplo que a alegación non pode prosperar porque vai en contra da lei, ou por unha razón máis profunda, agora vir hoxe aquí e atoparnos que o único que esta é a alegación que



presentou o BNG, e unha copia reproducida do que aprobamos en outubro de 2008, parece bastante pouco serio, perdónesenos a expresión, non para nos, senón para o Pleno porque é vir aquí a discutir, cunha alegación que nin siquera ten contestación, eu a verdade e que estou sorprendidísimo, pregunteille incluso o Sr. Secretario, se había algún documento de Secretaría ou dalguen que diga, con relación as alegacións se informan negativamente ou positivamente en base a algo, aquí nin se informan nin se desinforman o cal da proba que con todo este tema seriedade bastante pouca, e polo tanto apelando a esa falla de seriedade nos creemos que o máis serio, sería que este tema quede enriba da mesa, que non se aprobé e que fagamos e poñer medidas para que poidamos vixiar mellor as rúas cumprir as ordenanzas que xa temos e naturalmente no que poida ser unha política máis de prevención, de algún tipo de acto que vaia en contra de medios de carácter particular ou sobre todo de carácter público, o poidamos facer mellor, pero para eso o que hai que ter son medios non ordenanzas.

O Sr. Alcalde resposta que esta ordenanza viu a Pleno o 25 de setembro de 2008, e pasou o trámite se aprobou, vai a Secretaría, e o Sr. Secretario da os pasos administrativos correspondentes, que é envíala ó Boletín Oficial da Provincia, pois efectivamente quedou en Secretaria, as veces esas cousas pasan, a min no meu traballo as veces, me pasan despistes ou situación que son humanamente entendibles, se aprobou no Pleno e a remisión ó BOP, efectivamente por aches ou por bes, a remisión o BOP quedou sen facer, cando nos dimos conta a remitimos ó BOP, aquí se xestiona un volumen de documentación e a veces pasan estas cousas, as razóns de ser non as desdibuxa está situación, isto é un erro humano que se pode comprender, entón, se fan as alegacións que ingresan como orde do día dun pleno sin problema, cando efectivamente do rexistro pasan a Secretaria e efectivamente á Alcaldía, e logo á Comisión de Goberno, pois decidimos metelas a Pleno, cales son as razóns polas que se votan a favor ou en contra, pois porque non se comparten, pois aquí estamos os voceiros de todos os grupos para dicir se as compartimos ou non as compartimos, que eu creo que é o que procede, o BNG presenta un escrito, e vai a Comisión de Goberno e de Comisión de Goberno pasa a Pleno, tampouco pasa nada porque se presentaran en abril, e estén nun Pleno de maio, xa me gustaría que os Concellos funcionaran como acredita que un escrito do mes de abril xa está no Pleno de maio, menuda tardanza, eu hai cousas que non entendo, a parte nos xuntamos en reunións da Xunta de Portavoces para dicir que vai e que non vai, nunca se da un tragala na Orde do Día, nos vemos na Xunta de Portavoces e vemos o que vai e o que non vai, entonces efectivamente mala fe, absolutamente ningunha, e logo xa o contido das alegacións

Mala fe ninguna e logo xa o contido das alegacións. Qué lle vou informar a vostede por escrito sobre isto: "A proposta da ordenanza parte dunha premisa non real describindo no preábulos unha situación que nada ten que ver coa realidade do noso Concello. Non estamos ante unha proposta que xurda da realidade ou dunha análise sociolóxico sobre o fenómeno no noso Concello. Aquí só se fixo cortar e pegar". Pois evidentemente miramos o que se fai noutros



Concellos porque non temos que inventar nada. E si temos experiencias noutros Concellos pois o vemos, e é moi grave que che fagan lume no portal e vaia a policía e non poda facer nada; ou que rompan papeleiras, columpios ou as duchas da Praia, ou que collan o barco de Bonome e poñan que vai haber unha boda tal día. E qué facemos. Qué podemos facer. Ir ao xuíz de garda e tramitar a denuncia polo penal e meter aos país nun lío, porque lle metemos ao neno nun procedemento penal de menores; pois preferimos metelo en vía administrativa e se o tema é de extrema gravidade iríamos ao xulgado penal, pero co barco de Bonome qué facemos. Lles decimos, mira rapaces, ou o pintades ou aquí hai unha multa de 700 €. Van a píntalo. E non metes a multa, porque ten carácter disuasorio, cando no Código penal dín que a violación se condeá con 10 anos de cárcel, é para que a xente non viole, é preventivo e disuasorio. Isto é o que se pretende. Se sigues facendo isto na vindeira vez tes unha multa de 1700 € ou o que corresponda, en función do valor. ... *Razones e análise da situación demostrase que o Concello adoptase medidas concretas e específicas para correxir comportamentos concretos e específicos.* Pero si está todo tipificado. Hai especialidade no que dí a ordenanza, se tipifican conductas, *aínda así non semella que a ordenanza vaia resolver os problemas tanto na fase de detección como na de actuación concreta.* É unha sanción. Ti pillas ao que está facendo eso e lle metes unha multa. Como que non. E logo en tráfico non é así, quen aparque diante dun vao non hai grúa, pero se lle pon unha multa. *Finalmente hai que nomear o fracaso rotundo de iniciativas similares.* Pero que vou votar aquí, alegar ou discutir, é unha opinión e se pode comprtir ou non. *A proposta da ordenanza podería atentarse contra dereitos fundamentais. Pero si ten o informe favorable do secretario que é o asesor xurídico, outros artigos da ordenanza resultan inviables, porque fan referencia a realidades que nin existen. Por exemplo cumprimento das directrices fixadas no Plan de Urbanismo.*

E que efectivamente para iso esta interpretación. O cumprimento das directrices fixadas no plan. O plan urbanístico que temos en Ares se chama Normas Subsidiarias, e é fácilmente interpretable que isto se pon para cando teñamos plan porque a tendencia é ter plan. Agosra se queres metemos primeiro NNSS e cando teñamos Plan cambiamos, agora, xuridicamente non fai falla porque hai algo que se chama aplicación analóxica das normas.

Do mesmo xeito tampouco se podería verificar o referido as medidas de inspección tendentes. Temos a policía que temos, pois levaremos a ordenanza cos cinco ou seis policías que temos. Ao longo de seis meses do ano temos seis, os outros seis meses temos tres, e son os mimbres que temos que facer. Persoal de vixianza, hoxe non o hai pero pode habelo mañá. Este Concello estivo a piques de asinar un convenio cos Mouchos, coa Fundación Fuertes, e sí o teríamos agora. Non se asinou pero mañá pode ser, en consecuencia hai unha descripción con puntos suspensivos do diferente persoal que pode ser implicado neste e non é taxativamente, o persoal que corresponde en cada intre.

Os artigos referentes á clarificación, tipificación e clasificación das infraccións son un relatorio de despropósitos. ¡Pero cómo!. Se describen as condutas dañinas e iso son despropósitos.



Efectivamente temos os elementos identificados, árbores, arbustos, xardíns, conxuntos florais, xardiñeiras, bocas de riego, billas, abastecementos, vallas, murallas, candelas, bancos, pequenas fontes, placas, cadeiras, floreiros, elementos de decorativos, farois, focos, rexistros, instalación eléctrica, colectores,... mil. Isto qué pasa, cando se lle da unha patada ou rompe é difícil de ver. Pois se lle multa a quen o rompe e é o que persigue esta ordenanza. En consecuencia necesitamos un instrumento como este preventivamente porque ao que fixo o feito efectivamente lle metes unha multa e con esa multa arranxas a farola rota. Isto pasa en tódolos concellos e hai unha gradación das sancións que van de 60 as máis leves a 300 as graves e a 700 as moi graves e en consecuencia é unha boa ordenanza, a teñen outros concellos e evidentemente o BNG pode presentar as alegacións que estime convintes e os demais voceiros as poden compartir ou non. O grao de subxectividade destas alegacións é moi grande. Xurídicamente hai un informe e o resto son opinións, para vostedes non valen pero para outros valdrán.

O Voceiro do PP ten a palabra: Eu logo de ver e escoitar o que se dixo sabemos que este procedemento non foi o correcto, estivo esquecido e se recoñece públicamente e me vou ceñir ao asunto. Isto non ven polos cauces que ten que vir, porque cando un grupo ou persoa presenta un recurso hai un tempo para respostar e ante de vir a Pleno habería que pasar pola Comisión de facenda, porque se trata de taxas, e creo que se debía de facer un dictamen e acompañado dun xurídico de aceptación ou desestimación das alegacións do BNG, e vamos a pedir, logo de informarnos no expediente sobre si se pronunciaba o secretario sobre as alegacións do BNG desestimandoas ou non, ou o que está aprobado que nós o aprobamos é ou non conforme a dereito e o mínimo é que volte a comisión. Non sei si ten razón ou non voceiro do BNG, enumera títulos de Leis e dí un pouco a situación se si ten razón pode ser grave e si non pois non pasa nada así que debería ir a Pleno para que tomemos unha decisión, co dictame do secretario. Hai un recurso de reposición e debe pasar a comisión e dictámalo e logo voltar ao Pleno á consideración ou aprobar de ser o caso ou rexeitar. A situación legal é esa e non pasou o proceso."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Manuel, esto foi a Xunta de Voceiros, e o de sempre, as veces as Xuntas de Voceiros nos valen e outras veces non. Utilizamos as Xuntas de Voceiros como comisión que dictamina moitas veces e isto foi a Xunta de Voceiros e estivo enriba da mesa e decidimos metelo nun ordinario en un extraordinario, e o estivemos mirando e decidimos metelo neste para descargar o da semana que ven. Quen o quixo ler o lú, ten un informe favorable de secretaría as ordenanzas, entón todo o que efectivamente din as alegacións do BNG son opinións. E o secretario pode dicir cómo se tramitaron estas alegacións e lle pode dar a palabra ao secretario para que explique."

Intervén o voceiro do PP, D. Manuel Cendán: "Lendo textualmente: sobre os aspectos concretos do articulado cumpre sinalar, a) a proposta de ordenanza podería atentar contra os dereitos fundamentais como é o de reunión ou expresión apartados 2 e 3 do artículo 6 e do 11,



aplicaran acción sancionadoras... eu creo que esto si podería atentar ou non esto ten que ser contestado porque eu teño que tomar aquí unha determinación.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O artigo 6 e 11 viñeron a Pleno cun informe favorable do secretario, agora o BNG dí que atentea e si atentara o informe do secretario non será favorable.”

Intervén o Voceiro do PP, D. Manuel Cendán: “Qué costa lévalo a comisión e dicir se ten ou non razón, e tomar posicionamento no Pleno e xa está”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Esta ordenanza veu cun informe favorable de secretaría e iso xa significa que non se violan eses dereitos fundamentais e vamos dicutir o que xa discutimos e o tema é que non entren en vigor cousas. E mañá cando volte a arder un portal e fan as de san quintín e facemos nada, como sempre, decirlles que chamen á Garda civil, e isto é un desvarío e xa hai un informe favorable do Secretario que avala a Ordenanza e qué temos que volver a debatilo Manuel.

Intervén o Voceiro do PP, D. Manuel Cendán: “ Facer un dictáme e voltar a metelo para o Pleno do vindeiro Pleno”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu a verdade non entendo, ao final a xunta de voceiros o metimos hoxe para descargar o do martes e a verdade as xuntas de voceiros...”

Intervén o Voceiro do PP, D. Manuel Cendán: “Eu estiven mirando si había un informe de si tiña razón o BNG, non son opinións, se acusa de que se pode ir contra un dereito fundamental.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Hai un informe do Secretario que dí que é legal a ordenanza”

Intervén o Voceiro do PP, D. Manuel Cendán: “Se non hai duda non pasa nada, se pasa por comisión.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Pero cómo que por comisión, unas veces nos valen as Xuntas de Voceiros e outras non. Non temos dictaminado cando valen e cando non, non podemos dalas por boas unas veces e outras non.”

Intervén o Voceiro do PP, D. Manuel Cendán: “Nos votamos a favor desto, non hai duda con nós”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “menuda Xunta de voceiros, que o Alcalde fala e non se di nada, e ti viche as alegacións do BNG en fronte do Secretario e non dis nada. A xente cala e non di nada. A postura do BNG é pública presentou unas alegacións e as defenderá e o resto as tivestes na xunta de voceiros enfronte do secretario e non dixéchedes nada. O meu interés é sacar os temas, quero avanzar e os demais teñen dereito a criticar e efectivamente hai



diferentes opinión e si usamos as xuntas de voceiros para o que valen é para que saian a diante asuntos.”

Toma a palabra o Secretario: “A materia sancionadora se rixe polo principio de legalidade e tipicidade conforme á predeterminación das normas, sancionadoras, culpabilidade e presunción de inocencia. Vou ir ao grano no ano 2001, a sentenza 113/2001 non recoñece aos Concellos a potestade de imponer sancións a través das súas ordenanzas, sen embargo eso mudou coa Lei 57/2003, que dá cumprimento ao artigo 127 da lei 30/1992 que o réxime sancionador das AAPP se regulará cun precepto legal. A Lei 57/2003 dí: engade os títulos 10 e 11 á Lei 7 e dí: “para a axeitada ordenación das relación de convivencia e de interés local e de usos e servizos equipamentos e infraestructuras, instalación e espazos públicos, os entes locais poderán establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de prohibicións ou limitacións establecidas nas súas ordenanzas. Esta ordenanza non vulnera o procedemento, o principio a non ser sancionado, o dereito á presunción da inocencia e regula de que calquera dúbida na interpretación dará lugar á absolución. As alegacións do BNG non lles vexo, o único e que se mezcla vandalismo con dereito de reunión, ahí o BNG fala do artigo 19, 1.b e 2.1 eu ante as dúbidas suprimiría os apartados b e c, instalacións, equipamentos e infraestrutura dos servizos públicos existentes en vía pública. b) Os actos que impidan a normal prestación ou funcionamento dun servizo público ou o seu uso por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, porque garda relación coa Lei de Seguridade Cidadá e C) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

Intervén o Alcalde Presidente: “Apartados b e c do 19: *Os actos que impidan a normal prestación ou funcionamento dun servizo público ou o seu uso por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, atendendo ao grao de intensidade da perturbación ocasionada ou do dano causado e aquelas que impliquen unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992 do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.*

Entre estas infraccións moi graves están o vandalismo causado nos elementos relacionados no art. 11 de forma directa e con mala fe, reincidencia, ou atendendo á utilidade que a infracción lle reportara.

C) *O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización...*

Por exemplo temos no parque Biosaludable e uns rapaces que non deixan aos maiores facer os exercicios e pasan sentados nos aparatos todo o día, qué pasa que non os podemos votar. Isto non choca co dereito de reunión. Ou máis exemplos se se columpian maiores e non deixan aos nenos ou alguén que xogue nunha fonte e non pode usala outra. Eu non vexo ningunha duda, onde está a legalidade.”

Intervén o Sr Secretario: “Pero o que alega o BNG é que choca co dereito de reunión, ata qué punto impedirlle a unha persoa usar un espazo público”

Intervén o Alcalde-Presidente: “ os actos que impidan a normal prestación ou funcionamento dun servizo público e o seu uso por outra persoa, isto está falando de



instalación, é o que está dicindo e o outro o c), *O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización*, entón eu chogo cun neno ao parque e uns vándalos que están coa pelota me botan ou eu vou á Praia e me botan, pois é o que estou decindo: *O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización*. Ti tes dereito a usalo e non te deixan, onde está o dereito de reunión. Son consuctas tipificadas de actos incñivicos, e se ti vas á barbacoa de Cervás e hai vándalos que non cha deixan usar, poise u tamén teño dereito. É o que dí. Hai que ler o articulado. Onde fastidiamos o dereito de reunión te reunes onde queiras pero non podes ocupar un espazo público impedindo o uso a outra persoa que tamén ten dereito.”

Intervén o voceiro do NAL: “Parece que estamos complicando o asunto, en primeiro lugar decir que na tramitación de todo este expediente como ti ben dicías por parte da Alcaldía neste caso non houbo mala intención e sí decir que o recoñezo, practicamente tivo a votación favorable de tódolos grupos e decirte que na comisión da Xunta de voceiros é verdade que vamos escoller os asuntos que van a Pleno pero non vamos discutir ahí se o expediente está completo e me imaxino que con boa intención pensache que estaba completo. Aquí está a responsabilidade do secretario que debe completar o informe e o enunciado do punto pon: Resolución de Alegación, eu creo que si esas discrepancias as transcribira a un documento de resolución de alegacións nos evitaríamos esto e se foran ás comisión e sería suficiente para votar. Creo que non houbo mala intención e trataste de buscarle unha saída canto antes a isto pero hai que recoñecer que o expediente está incompleto e a evidencia das dúbidas do artigo 19 como nos fai chegar o secretario. Creo que aínda estando de acordó de que hai un informe favorable de cando veu a pleno e que isto non nivade competencias doutrso organismos e se non o informe non sería favorable e sí que ten a carencia que ten a alegación porque hai que denegala pero motivala. Pola túa parte non hai mala fe, e lle pode pasar a calquera e o tema da comisión informativa non vamos analizar si está completo. É raro, eu sei que os asuntos que veñen ao pleno os decidimos ahí, e hai que velar porque vaia completo o expediente. Retrásalo dous días non sería nada e se estas dúbidas se informaran e fora a pleno o martes pois non pasaría nada e non dar lugar a pensar que estamos aprobando aquí algo ilegal aínda que eu non vexo aquí nada ilegal e tal e como o comentou o voceiro que propuxo a alegación, eu sei que hai cousas que non se van cumprir por parte dos Concellos, pero hai que ter algún soporte legal e hai que actuar, non podemos deixar de actuar fronte ao desorden público dos últimos tempos, que non se están dando os casos doutrso concellos pero aínda que sexan poucas, hai que ter un documnto base para poder actuar por parte do concello. A parte destas dúbidas me gustaría que o secretario fixera ese informe e rexeitando unha resolución pola túa parte rexeitando esas alegacións, e o meu voto favorable, e me gustaría que se fixera así.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Vamos ler o artigo 19: 1. Serán infraccións moi graves:

a. En todo-caso, os actos que-produzan un daño evidente e flagrante aos elementos do mobiliario, instalacións, equipamentos e infraestrutura dos servizos públicos existentes en vía pública.

b. Os actos que impidan a normal prestación ou funcionamento dun servizo público (ven alguén e te monta un pollo no mostrador e impide que se siga prestando o servizo) ou o seu uso por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, (aparatos biosaludables, que non chos deixan usar, ou no pavillón polideportivo, que



non che deixa usar os aparatos... hai ahí servizo público, nos columpios, no ximnasio, nunha fonte, etc) o o impedimento do uso dun espazo público, non hai servizo, hai espazo, onde fan botellón e ti tes que estar nunha esquina, ou a balonazos, ou no parque Rosalía e veñen os moteros e desaloxan á xente. Entón o impedimento do uso dun espazo público por outra persoa que tamén ten dereito, infraccións graves, o mesmo pero un pouco menos graves, leves, efectivamente o mesmo pero con menos intensidade, ruidos, golpes, berros, alterar a paz. Creo que efectivamente non se viola ningún dereito. Están perfectamente tipificadas as infraccións e a parte son actos incívicos, agora, eu se non o vedes claro, se lle pide ao secretario que o poña por escrito”.

Intervén o voceiro de NAL.-: “Eu o teño claro e a ordenanza tamén, as dúbidas son polo tema procedimental. A alegación hai que contestala. Ti cando foi a xunta de voceiros o que menos pensas é que non está o expediente completo, se non non o levarías.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pois lóxicamente, coas opinión e se vota politicamente, porque son criterios políticos xa que a legalidade está fora de duda porque existe un informe do Secretario.”

Intervén o voceiro de NAL.- “Pero procedimentalmente non, se nega polo que sexa, porque si é un tema de opinión pois se lle dí iso e que non procede a alegación”

Intervén o Alcalde-Presidente: “ o secretario o ve una xunta de voceiros como eu, se viron as alegacións e no pleno se votan e se estiman ou desestiman. A proposta do equipo de goberno é defender a ordenanza que propón o compañeiro, que é o concelleiro que leva a policía, nos pareceu oportuno e o votamos e o votamos a favor ou en contra como as mocións. Problemas de ilegalidade non hai, porque hai un informe favorable da ordenanza. eu neste sentido e como é o sentir maioritario obraremos en consecuencia.”

Ten a palabra o voceiro do BNG: “Tan fácil como era e logo que complicado. Esto está aquí porque hai unha alegación, o volvemos a debater. Non só temos dereito senón o deber, como discrepamos e non por unha cuestión administrativa. Cando hai unha alegación tense que contestar, o sabe calquera, pode decirse que se aconsella ou non, pero decir aquí que falamos de opinión subxectivas eu o negó, estamos falando de cousas concretas. A cousa concreta é que unha ordenanza similar foi anulada polo T.S. Castilla e León, no tribunal de Valladolid, e agora con Internet, mirade e vede a cantidade de recursos que hai, noutros sitios recurren outros partidos, non o BNG. Claro que hai dúbidas de que algún apartado desta ordenanza pode colisionar cun dereito público e afirmo que hai sentenzas onde xa colisionaron, en concreto a do Concello de Valladolid, e buscade. Con esa dúbida naturalmente hai unha razón, que nos atopamos con a posibilidade de colisión con dereitos fundamentais. Non afirmo nada acendo a luz coas cousas que aprobamos. En segundo lugar, creo que a veces defendemos as cousas con tanta vehemencia que logo non nos damos de conta de que somos os primeiros en incumprilas. Esta ordenanza se aprobou por certo, e eu non falei de mala fe do Alcalde, nos trámites, e pasamos un ano e pico onde supoño que habería un acto de vandalismo e a niguén se lle ocorríu a posibilidade de que tíñamos que votar recurso da ordenanza aprobada.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pois si lle votamos.”

Ten a palabra o voceiro do BNG: “Pois si lle botamos, malo.”



Intervén o Alcalde-Presidente: "Botamos man pero vimos que non estaba aprobada."

Ten a palabra o voceiro do BNG: "Eu me quedo con outra interpretación, en Ares necesitaríamos máis outras cousas que botarlle man a isto. Miremos ben o que aprobamos porque para por as cousas en marcha hai que ter medios, ter autoridade e dar exemplo, e os contenedores de Cortiñas Gil teñen un Bando do Concello e un cartel do Voto de Chanteiro. Eu tramito unha denuncia contra quen. Nos poñemos en situación ridículas. Onte estaban os contenedores co anagrama do Concello de Ares, damos un exemplo maravilloso. Eu supoño que según ven aquí é sanción."

Intervén o Alcalde-Presidente: " Non sei onde ven, eu non o vexo. O de poner un cratel non vexo, non está tipificado."

Ten a palabra o voceiro do BNG: "Non a limos igual, cando falamos de protección do mobiliario urbán supoño que non se poden pegar carteis nos contenedores. Leelo ben."

Intervén o Alcalde-Presidente: " Non está tipificado, eso non o puximos."

Ten a palabra o voceiro do BNG: "Podes facer unha cousa e non estar ben. Non serás infalible."

Intervén o Alcalde-Presidente: " Eso non está tipificado."

Intervén o voceiro do BNG: " Hai un parágrafo que fala dos contenedores."

Intervén o Alcalde-Presidente: " Pero eso non se puxo. Pegar os carteis é un dereriero, pois bueno. Non é nuha conducta grave. Se sigue o principio de mínima intervención. Acabo de ver as infraccións."

Intervén o voceiro do BNG: " Xa que se interprete o que eu pensó na xunta de voceiros me ofende, porque o que penso o digo, cando se convocou op pleno, eu me preocupeí antes, está o sdwecrteraio aquí, cómo andaba o tema das alegacións á miña ordenanza. e se me dixo que se ía facer un informe."

Intervén o Alcalde-Presidente: " Entón porque non se fixo o informe. Aclárao porque eu quedo de mentiroso."

Intervén o Secretario-Interventor: "Dixen que se ía dictaminar e que o informe non era preceptivo"

Intervén o Alcalde-Presidente: "O escoitas"

Ten a palabra o voceiro do BNG: "Sí pero onde está o informe"

Intervén o Alcalde-Presidente: "O estou facendo eu in vocce, estou defendendo a postura do grupo de goberno in vocce, se i informe do secretario non é preceptivo e o de legalidade xa o fixo no seu intre, eu esto o tramito como unha especie de alegacións que ti as defendes e os que non estamos de acordo ou non tamén as defendemos. E que é así. Se non queremos que este tema non sae a diante pois non"

Intervén o voceiro do BNG: "Eu non consinto que se diga que este tema non sae a diante por culpa do BNG, porque o BNG ten dous votos. Estivo ano e medio perdido"

Intervén o Alcalde-Presidente: "eu estou discutindo contigo, e tamén cos demáis, e digo que aquí se vota e punto. Estou tentando defender que saia a diante e dicutí con Manuel, con Manuel e que ese informe que se pide non é necesario."

Intervén o voceiro do BNG: "E nós estamos tentando que non se meta a gamba e non que se paralice. Artigo 11. - Sobre publicidade. Queda terminantemente prohibida a colocación ou pegada de carteis e adhesivos, e calquera actividade publicitaria, nos lugares non autorizados expresamente polo Concello. Supoño que os contenedores son son lugares habilitados polo Concello."



Intervén o Alcalde-Presidente: “Segue lendo, “e de forma especial naqueles edificios cualificados de histórico-artísticos, considerados ou definidos como emblemáticos e singulares nos edificios públicos e no mobiliario urbano.” A intención do grupo de goberno é actuar nos casos máis relevantes.”

Intervén o voceiro do BNG: “Xa sei como son esas interpretacións, eu digo que se poñan cousas que non sexan interpretables”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Eso non se castiga, se castigan as infraccións.”

Intervén o Voceiro do BNG: “Me estou referindo a un mínimo de coherencia entre o que escribimos e o que facemos cumprir.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “A solución non é aprobar a ordenanza, é que o Concello non ponga carteis nos contenedores, se terá especial coidado en que non haxa ningún bando nun contenedor.”

Intervén o voceiro do BNG: “Pois ó mellor temos que debatilo”.

Intervén o voceiro do PP: “Pois sí Julio primeiro nos contenedores e logo nas farolas anunciando festas e haberá que sanciónalo e recollelo”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Evidentemente poner un bando nun contenedor en Cortiñas Gil non entra na tipificación porque non ten entidade; se ven un tío do circo e pega carteis en tódalas farolas e contenedores eso sí entra na tipificación, porque é grave; as cousas hai que discriminalas. Eu ignoraba que había un bando nun contenedor de Cortiñas Gil”.

Intervén o voceiro do PP: “Sí pero temos que ser responsables e que ningún traballador pegue carteis nos contenedores. Eu pediría para votar un escrito de a, b, c, se desestima por esto, por esto e o martes o metemos ao pleno e non temos ningún inconvinte”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Qué fórmula facemos, Manolo. Aquí se vota e o que din sete vai a misa. Qué sometemos a votación. Como emenda. Teríamos que votar as súas alegacións que para iso as defendeu. E non pide votar as súas alegacións, pide que quede sobre a mesa.”

Intervén o voceiro do BNG: “Non Julio, quero o informe do secretario polas dúbidas surxidas sobre un artigo.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Por eso o digo, qué someto a votación te pregunto Manuel. Ti eres o que presenta este tema e te pregunto qué sometemos a votación”

Intervén o voceiro do BNG: “Si hai que someter a votación as alegacións debe haber un informe.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O informe non é preceptivo.”

Intervén o voceiro do BNG: “Pois que diga o secretario que non é preceptivo.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Non é preceptivo. As cousas se están facendo ben. A alegacións se están defendendo aquí e se teñen sete votos saen a diante.”

Intervén o voceiro do PP, Concelleiro Manuel Cendán: “Julio o digo porque teño experiencia de oito anos de Alcalde e esta é a primeira vez que ven un recurso de reposición a unas taxas ou algo e que non veña dictaminado nin pase por unha comisión desestimándoa, e por qué



non vamos facer o procedemento ben, se non vamos parar nada, por qué, xa que o martes se volve a traer a pleno e por eso o preguntei, porque me chamou a atención.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Manolo, a emenda que presentas in vocce é que quede o asunto sobre a mesa”

Intervén o voceiro do BNG: “Non que o asunto quede enriba da mesa e que o secretario faga un informe verificando si pode haber nalgún párrafo onde non son opinión, nalgún caso no que podan colisionar os dereitos fundamentais, é que se conteste a eso, eu o escoite, só eso. Non é que se deixe sine die, que se faga o que non se fixo, porque eu honradamente antes de que se convocara o Pleno en dúas ocasións lle preguntei ao Secretario como estaba iso e me dixeron que estaba opendente de informe e ese informe non se fixo.”

Intervén o Alcalde-Presidente: Eu o que non quero é permitirme o luxo e non o fixen nunca é traer ao Pleno asuntos que non viñeran como teñen que vir. Aquí hai un asesor xurídico da Corporación e eu tiro para diante co que él me di. Él a min me dí e si se ten que facer un informe aquí habería un informe e si non se ten que facer un informe pois é porque se considera así e por iso se trae o asunto aquí.

Intervén o voceiro do PP, Concelleiro Manuel Cendán: “Julio, xa non é o informe, e que tería que vir a Comisión Informativa. Podemos votar que se estimen as alegacións ou que se desestimen, dicindo que artigo ou punto se estima ou non, se leva a comisión e se leva logo a Pleno, e se aproba de ser o caso e ninguén pode alegar nada porque as cousas se fan legalmente. Nós non temos ningún problema e non hai maldade, nos a vamos votar favorablemente e si se pode enriquecer como o tema que se tratou aquí o tema dos contenedores e se podemos enriquecer o tema pois metelo e darle unha vota a iso porque é bastante importante e si eso se fai con moita frecuencia, fastidiar farolas e mobiliario urbano e si se pode deixar máis especificado pois mellor. Temos o exemplo das chapas das paradas dos buses e iso é lamentable. Qué imaxe se da, que se faga responsable quen faga a publicidade. Creo que iso tería que quedar claro.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Asímesmo se considera infracción administrativa a mala utilización ou impedimento para o normal funcionamento das instalacións ou mobiliario urbano que de lugar e demais elementos similares citados no artigo 11, eso da publicidade se tipifica como dano no 18.2 e agora vamos ver qué tipo de infracción, moi grave non é. É leve, o impedimento ocasional non voluntario ou dano leve dos elementos que integren os espazos urbanos, ata 300 € de multa, dende 60 €. Votamos, o deixamos...”

Intervén o voceiro do PP, Concelleiro Manuel Cendán: “Creo que debemos deixalo así, son só tres días, é un problema de funcionamento, que o secretario no informe as estime ou non e se traen a pleno o martes.”



Toma a palabra o sr Secretario: “Parece que da a impresión de que non quero facer o informe pero e que non dou máis de min, hoxe me chamaron de Santiago para decir que se aprobou a EDAR, vostedes se creen que unha expropiación é coller un acordó e envíalo a Santiago, e levo meses de traballo de aquí para alá, pelexando, non teño persoal, non dou máis de min.

Agora ven o tema da piscina, hai un informe da interventora de Mugardos de folio e medio, pois ben eu terei que facer así en vez de facer oito folios e leer e releer as sentenzas sobre o asunto, co tema das antenas o mesmo, hai unha alegación de Vodafone sobre o tema de non compartir as antenas e hai unha sentenza do Supremo que eu me recordó sobre iso e a busco e hai 700 sentenzas e as teño que leer todas para atopar a que busco”

Intervén o Alcalde-Presidente: “É absurdo, hai un informe xurídico favorable á ordenanza se ten que facer outro se fai pero é absurdo.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Ten que facer un informe o secretario”

Intervén o Alcalde-Presidente: “É absurdo podedes votar o que querades, e xa as estou desestimando eu aquí. Isto é darle máis traballo ao secretario e xa hai un informe do secretario de cando veu a pleno e non hai dúbidas da legalidade no mesmo, e agora no pleno debatimos e aquí propoño eu desestimálas igual que él propón aceptálas. O principio de economía procesal, é absurdo, tratamos de sacar a diante coa maior transparencia e que hai que volverse a pronunciar, é absurdo.”

Toma a palabra o voceiro do NAL, o Concelleiro Luís Cendán: “Estamos dando voltas a un tema que conta coa maioría dos voceiros para sacalo a diante. Eu me refiro ao tema procedimental. É legal dende o punto de vista do procedemento traer o expedientes sen contestar á alegación nin pasar por comisión. Ese é o problema. Aquí hai unha reclamación e eu quero falar da legalidade do asunto como ven, porque pode xurdir que él vaia ao Contencioso e non hai necesidade, porque si se retrasa dous días non é necesidade, e o feito de que non pasara a alegación por Comisión cun dictamen e un informe desestimando as alegacións ¿eso é legal? Secretario eu non te voto a culpa eu digo que falta un informe previo ou proposta de alegación”

Toma a palabra o Sr Secretario.- “Luis, as comisión funcionan como funcionan.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O que eu digo aquí Luis te está preguntando si é legal, sin pasar por comisión as alegacións. Si existe un informe de que a ordenanza é legal, é legal. A legalidade da ordenanza está respaldada por un informe de secretaría cando veu a pleno e as alegacións dos grupos xa están contestadas sobre a legalidade e é legal. Eu entendo que non ten que facer outro informe. As vamos a contestar nós aquí. Se non é legal vemos o informe e paramos pero si é legal xa está.



Intervén o voceiro do NAL, Concelleiro Luís Cendán: "Se ti me aseguras de que isto é legal eu non teño ningún problema en votar a favor."

Intervén o voceiro do PP, Concelleiro Manuel Cendán: "Estamos perdendo máis tempo agora é mellor presenatr un papel se da conta na comisión , ven ao Pleno e se vota e punto, e quedamos tranquilos eu votei a favor deste, e fagamos as cousas ben que non custa nada. Tes o apoio noso e vamos facer as cousas ben e non veñan a ponernos colorados aquí dentro dun mes."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Vamos a votar. Cal é a proposta túa Manolo, votamos as alegacións, ou non."

Intervén o voceiro do BNG: "Que quede sobre a emsa e se faga informe polo secretario."

Intervén o Alcalde-Presidente: "A pesar de que o Secretario dí que isto está sustanciado hai que facer traballar outra vez á xente".

Acto seguido sometese a votación a emenda do BNG e o Pleno do Concello por 6 votos a favor 2 BNG e 4 P.P., 5 votos en contra do PSdeG- PSOE e 2 abstencións 1 de NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage acorda presetarlle a súa aprobación a proposta do BNG e cando esté feito votará a pleno.

Punto núm. 4.- APROBACIÓN SE PROCEDE PROXECTO DE MODIFICACIÓNS PUNTUAIS EN DIFERENTES ÁMBITOS DAS NORMAS DE ORDENACIÓN SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ARES.

Dase conta do informe conxunto de Secretaria e Servicios Técnicos de data 21 de maio de 2010, do seguinte teor literal:

" INFORME CONXUNTO DE SECRETARIA E SERVIZOS TÉCNICOS

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emítese o seguinte,

INFORME



ASUNTO : *Proxecto de modificacións puntuais en diferentes ámbitos das Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares de 1977*

ANTECEDENTES

Resolto o recurso de Casación interposto polo Concello de Ares contra Sentencia dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª) en data 23 de outubro de 2003 e no seu recurso contencioso administrativo nº 4427/99, o Tribunal Supremo por Sentenza do 14-11-07 desestima o mesmo, e en consecuencia queda sen efecto o P.X.O.M. aprobado con carácter definitivo polo Pleno do Concello o 26-03-99, recobrando vixencia as Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares de 1977, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 04-12-1978 (B.O.P. núm. 68, de 23-03-1979) coa pertinente aplicación integra polo principio de xerarquía normativa da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Disposición transitoria primeira Lei 9/2002, de 30 de decembro) e da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. En consecuencia encontrase en vigor unha normativa do ano 1977 que ademais de ser un documento de mínimos para o que seu día significaba Ares urbanísticamente, é dicir de nula ou escasa actlvidade urbanística, hoxe en día está superado tanto normativamente como na realidade física.

En definitiva as Normas Subsidiarias presentan unhas indeterminacións, deficiencias e desaxustes na normativa, así como a consecuencia da consolidación propiciada polo PXOM anulado en diversas zonas, onde cabe suliñar que froito desta situación, as Normas Subsidiarias non contemplan viarios xa executados e pola contra, contemplan outros que polo desenvolvemento do Planeamento Xeral xa non teñen cabida na ordenación tanto da vila de Ares como de Redes. Asemade é necesario atendendo a requerimentos da Consellería de Educación a efectos da necesaria ampliación do CPI Conde de Fenosa, a cualificación dun novo espazo dotacional. Tamén é necesario preve-la execución dun plan especial para a creación de novas dotacións urbanísticas públicas, apoiada na titularidade municipal dunha parte dos terreos. Finalmente incidir que é necesario adaptar as Normas Subsidiarias ao proxecto da Dirección Xeral de Costas para a actuación integral na Fachada Marítima de Redes, o cal foi tramitado pola vía de urxencia e ao proecto para a recuperación do bordo litoral da praia de Chanteiro.

Mentras tanto en canto se tramita a redacción dun novo PXOM, o cal ralentizouse novamente coa tramitación parlamentaria e promulgación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a tramitación do Plan de Ordenación do Litoral, é necesario dar resposta a numerosos desaxustes -se ben coas limitacións que en todo



caso supone aplicar unhas Normas Subsidiarias- que se plantexan como unha normativa raquítica e superada como son as Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares de 1977.

A tal efecto reproducécese o informe da Secretaria do día 18-05-08 relativo á anulación do PXOM e aplicación NNSSPP de Ares :

"ASUNTO: ANULACIÓN P.X.O.M. E APLICACIÓN N.O.S.P.. DE ARES

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª) na **Sentenza de 23-10-03** recaída no recurso contencioso-administrativo nº. 4427/99, anula o P.X.O.M. aprobado con carácter definitivo na sesión Plenaria do día 26-03-99.

Segundo.- Contra a **Sentenza do T.S.X.G. de 23-10-03** interponse recurso de casación perante o **Tribunal Supremo, o cal con data 14-11-07** falla que non ha lugar ó recurso de casación contra a Sentenza citada do T.S.X.G., e na súa consecuencia ó non casar a devandita Sentenza, confirma a Sentenza do T.S.X.G.

Terceiro.- Plantexado excepcional incidente de nulidade de actuacións previsto na Lei de Enxuzamento Civil (art. 228) e na Lei Orgánica do Poder Xudicial (art. 241), a Sala do Contencioso-Administrativo -

Sala 3ª- do **Tribunal Supremo con data catorce de xaneiro de 2008**, desestima o mesmo e denega tamén a suspensión da execución da Sentenza.

Cuarto.- Contra a **Sentenza do Tribunal Supremo ó abeiro do artigo 44 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional**, interponse recurso de amparo (ó modesto entender do funcionario que subscribe, recurso moi brillante, ilustrado e razoado) e asemade solicítase a suspensión dos efectos da Sentenza do T.S. ata que se resolva o recurso de amparo (art. 56 Lei Orgánica do T.C.). Dita petición de suspensión sustanciaráse con audiencia das partes e do Ministerio Fiscal, por un prazo común que non excederá de tres días e co informe das autoridades responsables da execución. A día de hoxe a representación procesal do Concello non comunicou acordó algún, se ben vistos os precedentes de Concellos en situación análogas e a saturación que sofre o Tribunal Constitucional os visos de que prospere a petición de suspensión é moi difícil.

Quinto.- Anulado o P.X.O.M. recobran vixencia as N.O.S.P de Ares de 1977, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o día 4-12-1978 e publicado o acordó de aprobación no Boletín Oficial da Provincia nº. 68, de 23-03-1979.

Sexto.- Ditas Normas foron obxecto de diversas modificacións, informando o Técnico municipal (19-06-08) que o documento obrante no Concello non está dilixenciado e, conseguintemente non consta a veracidade do mesmo.



Sétimo.- Asemade no Informe Técnico de 19-06-08, advírtese da insuficiencia e inviabilidade da aplicación das N.O.S.P.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A publicación do acordó de aprobación definitiva, aínda cando non constitué requisito de validez, condiciona, sine qua non, como requisito necesario, a vixencia dos plans e demais normas urbanísticas, así como a súa eficacia, que prodúcese de forma inmediata, sen periodo de vacatio legis, xa que, segundo o artigo 131 do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xuño, **unha vez publicado o acordó aprobatorio**, os citados instrumentos urbanísticos serán "*inmediatamente ejecutivos*".

Deste precepto e do artigo 132.1 do Regulamento de Planeamento Urbanístico, aprobado por Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, dedúcese que o Plan non ten eficacia retroactiva e que a súa eficacia prodúcese a partir da súa publicación. Esta normativa do Texto Refundido do ano 1992 coincide coa contida na Lei sobre Réxime e Ordenación do Solo, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril e os seus regulamentos, vixentes no momento da aprobación das N.O.S.P. de Ares.

Segundo.- Tal doutrina foi obxecto de rectificación mediante o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa orixinaría redacción, Así pois, a Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRLL obrigaba a publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro das Ordenanzas e demais normas urbanísticas, que en consecuencia, non podían entrar en vigor senon despois de transcurrido o prazo de 15 días a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril. É de significar que o artigo 124 do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992 ignorou tal determinación.

A **Sentenza do Tribunal Supremo de 13 de novembro de 1989** (Arz. 8086), dictada babeo a vixencia da Lei do Solo de 1976 e da primitiva redacción dada pola Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRLL ó artigo 70.2 di que a vella e criticada doutrina da inmediata vixencia dos Planes a partir da súa publicación ha de entenderse hoxe mdoficada polo artigo 70.2 da LRBRLL (refírese á primitiva redacción) do que deriva unha vacatio legis de quince días hábiles.

A redacción dada ó artigo 70.2 pola Lei 39/1994, de 30 de decembro, quiso resolver o tema plantexado e agora limita a publicación no Boletín Oficial da Provincia ós Plans definitivamente aprobados polos Concellos e a vacatio legis tamén soamente a estes últimos.

Terceiro.- Exposto o anterior, cabe decir que a publicación do acto aprobatorio definitivo de tódolos instrumentos urbanísticos de planeamento constitué unha esixencia legal, "**se publicarán**", establece de forma clara e terminante o artigo 124 do Texto Refundido da Lei do Solo, aprobado por Real Decreto

Legislativo 1/1992, de 26 de xufío. Condiciona aquéla a entrada en vigor do Plan ou Norma Urbanística de que se trate e en calquera caso a executividade dos referidos instrumentos urbanísticos, segundo



determina o artigo 131 do citado Texto Refundido de 1992. O artigo 132.1 do Regulamento Urbanístico de 23 de xuño de 1978 xa citado establece que a aprobación definitiva adquire eficacia executiva unha vez publicada.

A **Sentenza do Tribunal Supremo de 17 de outubro de 1988** (Arz. 7846), referente á validez do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Lloret de Mar, di que "*e/ incumplimiento de tal requisito para nada afectaría a la validez del Plan General, que es lo que se cuestiona, sino solamente a su eficacia que quedaría demorada hasta la publicación de las Normas conforme al artículo 70.2 de la LRBRL*"; afirmación na que redundan **as Sentenzas de 10 de abril de 1990 (Arz. 3593) e 30 de xaneiro de 1991 (Arz. 617)**, ó decir que a falla de publicación impide a entrada en vigor e que dita publicación é necesaria para a executividade da resolución.

Así, pois, a publicación do acordó de aprobación definitiva non constitué requisito de validez condicional como requisito necesario a vixencia dos plans e demais normas urbanísticas así como a súa eficacia que se produce de forma inmediata.

Cuarto.- Coa específica esixencia de publicación íntegra -completa- das normas dos plans urbanísticos e en xeral das Ordenanzas dos Plans o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL veu a correxir non soamente o precepto xeral do artigo 7.2 do Regulamento de Servicios de 17 de xuño de 1955, senon que tamén, no aspecto que aquí interesa, incide no contido dos artigos 123 e 131 do Texto Refundido de 1992 en relación co 134 e concordantes do Regulamento de Planeamento Urbanístico no que se refire ó contido da publicación. Esta haberá de comprender, non soamente o texto do acordó aprobatorio definitivo, senon asemesmo o texto completo das ordenanzas ou Normas Urbanísticas do Plan aprobado, cuxa entrada en vigor e eficacia queda condicionada polo cumprimento das esixencias establecidas no citado precepto da Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL.

Cabe significar que non será necesaria en cambio a publicación das demais determinacións e documentos (Memoria, Planos, Estudo Económico), sen prexuízo do dereito de información urbanística regulado no artigo 133 do Texto Refundido de 1992. É decir, en canto os documentos do Plan cuxa publicación oficial non se require, aínda tampouco se prohibe, senon se efectúa non lie será aplicable o principio "iura novit curia" polo que o seu contido haberá de ser obxecto de proba.

Quinto.- Aínda que anteriormente exposto considerase soamente aplicable as normas dos plans urbanísticos nos casos de aprobación definitiva dos de competencia municipal, pero non na de aqueles outros aprobados definitivamente pola Comunidade Autónoma (**STS de 24 de xaneiro de 1989; arz. 431**) abreuse co tempo paso a tesis que entende aplicable a norma do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL en calquera caso, incluído o de aprobación definitiva autonómica. Por todas a **SS. do T.S. de 9 de xullo e 12 de decembro de 1990** (Arz. 6021 e 9952) e 30 de xaneiro de 1991.

Sexto.- Ás N.O.S.P. de Ares de 1977 no réxime transitorio previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia LOUPMRG (Disposición transitoria primeira: Réximen de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado) aplicaránse



íntegramente a devandita Lei 9/2002, de 30 de decembro LOUPMRG coas particularidades que se establecen, e dado que ditas N.O.S.P. non contemplan delimitacións de núcleos rurais tradicionais, os mesmos non existen ademáis de haber quedado sen efecto a delimitación de núcleos rurais tradicionais delimitados no P.X.O.M. pola **Sentenza do T.S.X.G. de 23-10-03** confirmada polo **T.S. na Sentenza de 14-11-07**.

CONCLUSIÓNS

Primeira.- Na data de aprobación e publicación do acordó das N.O.S.P. de Ares non era necesario publicar o texto íntegro de dita aprobación (con Ordenanzas). Bastaba tal e como se fixo con publicar o acordó de aprobación da Comisión Provincial de Urbanismo.

Segunda.- Cara a futuras ordenacións ou planeamentos hai un grave problema ó non existir núcleos, sendo necesario proceder de novo a delimitar os mesmos eos criterios restrictivos da Lei 9/2002, de 30 decembro LOUPMRG, o que dará lugar probablemente á desaparición de núcleos e redución do ámbito dos restantes.

Terceira.- Dada a total inadecuación das N.O.S.P. de Ares á Lei 9/2002, de 30 de decembro LOUPMRG, e discrepancia da moi deficiente cartografía á realidade que xerou o P.X.O.M. anulado, unido á falta de concreción en numerosos ámbitos de aliñacións, rasantes (Planos de Organización Espacial e Rede viaria), fan necesario afrontar urxentemente a redacción de Estudos de Detalle que corrixan dito desaxuste, e que teñen unha tramitación moi axil e abreviada. Ditos Estudos de Detalle nos termos do artigo 73 da LOUPMRG deberán completar ou reaxustar aliñacións e rasantes, podendo ordenar volúmenes edificables e concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento, e dado que deben abarcar cuarteróns ou unidades urbanas equivalentes, poderá abarcar a totalidade do núcleo urbano ou parte do mesmo.

Tamén e dado que a elaboración, tramitación e aprobación dun Plan Xeral adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro LOUPMRG pode demorarse no tempo polos prazos, clases e natureza dos distintos informes preceptivos-sectoriais e trámites que conlevan, faise aconsellable afrontar nos termos do artigo 93 da LOUPMRG, modificacións puntuais das N.O.S.P. que non afecten á estrutura xeral e orgánica do territorio ou á clasificación do solo. É dicir, é necesario efectuar alteracións das determinacións das N.O.S.P. para resolver problemas que a Corporación estime prioritarias en beneficio dos intereses públicos e privados, elo sen prexuízo de seguir avanzando coa elaboración dun novo Plan Xeral de ordenación municipal.

Igoalmente a Corporación pode plantexarse proceder a efectuar delimitacións de núcleos rurais, que se estimen sexan viables e que teñen tamén unha tramitación abreviada.



Cuarta.- Finalmente en relación á falta de acreditación de autenticidade da documentación das N.O.S.P., as licencias e actos dictados en aplicación das mesmas gozan da "presunción de legalidade" ata tanto ésta non sexa destruída por Sentencia xudicial, se ben os Servizos Técnicos por cautela deben facer constar dito feito.

Tal é o meu informe que someto a outor mellor fundado en Dereito, e que a Corporación co seu superior criterio acordara o que estime convinte."

Na súa virtude, procedéase a informar as seguintes modificacións puntuais, as cales en virtude dos informes preceptivos da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a teor do artigo 5º, letra e) da Lei 6/2007, do 11 de maio, non quedan sometidas a avaliación ambiental estratéxica, e habendo sido informadas dúas de elas favorablemente pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa y o Mar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino :

- Modificación puntual Normas Subsidiarias Adecuación proxecto recuperación borde litoral Chanteiro.
- Modificación puntual Normas Subsidiarias Adecuación proxecto recuperación fachada marítima de Redes.
- Modificación puntual Normas Subsidiarias Avda. Do Mazóte.
- Modificación puntual Normas Subsidiarias Pedros.
- Modificación puntual da normativa urbanística das Normas Subsidiarias.
- Modificación puntual Normas Subsidiarias ampliación CPI Conde de Fenosa.
- Modificación puntual Normas Subsidiarias viario Redes.

As presentes modificacións, poden aprobarse inicialmente sen informe previo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas conforme ao artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro LOUGA, ao non implicar nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteran os sistemas xerais previstos nas Normas Subsidiarias de Ordenación de Planeamento de Ares

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que o constitúan (at. 93 Lei 9/2002, do 30 de decembro, LOUGA).

Enténdese por revisión do planeamento a adopción de novos criterios respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio ou a clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto ou pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan sustancialmente sobre a ordenación, ou polo esgotamento da súa capacidade.



Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación do mesmo, aínda cando dita alteración conleve cambios aillados na clasificación do solo ou delimitación do ámbito dos polígonos.

A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do disposto no artigo 62 da Lei 9/2002, do 30 de decembro LOUGA.

É importante significar como xa sinalouse que as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro LOUGA, é dicir, o informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, que en virtude do establecido na letra a) do número a do apartado 9º da Orden do 9 de xullo sobre delegación de competencias no secretario xeral en noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestructuras, delégase na secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a facultade de emitir informes preceptivos sobre todo tipo de plans de ordenación, nos supostos establecidos polos

artigos 69,4º,85,1ºd) e 93 da devandita Orde.

Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas

SEGUNDO. A Lexislación aplicable ven determinada por:

— Os artigos 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

— O artigo 5.c) da lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia.

— A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

— O Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

— Artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo é aplicable a Lexislación sectorial seguinte:



— Estradas: artigo 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, cando afecte a estradas estatais; artigo 15.4 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, cando afecte á rede autonómica de estradas.

— Costas: artigo 112.a) da Lei 22/1988, de 28 de xuño, de Costas.

— Patrimonio cultural: artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

— Patrimonio das Administracións Públicas: artigo 189 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas.

— Augas: artigos 20.1.d), 25.4 e 40 do Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.

— Medio ambiente: artigo 18 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.

— Residuos: artigo 21 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.

— Integración social dos minusválidos: artigo 54 da Lei 13/1982, de Integración Social dos Minusválidos, e Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

— Ruido: Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido; Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental; así como o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións de calidade.

— Turismo: Lei 9/1997, de 21 de agosto, de Ordenación e Promoción do Turismo en Galicia.

— Deporte: artigo 13 da Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia.

— Portos: Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Marina Mercante.

TERCEIRO. Terase en conta o artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, segundo o cal, os instrumentos de ordenación territorial e urbanística están sometidos a avaliación ambiental de conformidade co previsto na lexislación de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e neste artigo, sen prexuízo da avaliación de impacto ambiental dos proxectos que se requiran para a súa execución, no caso que fosen necesarios, así como o artigo 5 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia que establece a obrigatoriedade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica dos Plans Xerais de Ordenación Urbana.



CUARTO. O procedemento a seguir é o seguinte:

A. Terminada a fase de elaboración do planeamento, e antes da súa aprobación inicial, os servizos técnicos e xurídicos municipais haberán de emitir informe respecto á conformidade das modificacións coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

B) O concello que o formulou procederá á súa aprobación inicial e, seguidamente, o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, será sometido simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes. Non será precisa a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

O Pleno do Concello adoptará a aprobación inicial co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, todo elo de conformidade co establecido nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

C) Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun Mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

D) O concello promotor, una vez transcorrido o período de consultas e de información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non sexa preceptiva, enviaralle ao órgano ambiental a documentación completa do plan que tome en consideración o informe de sustentabilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública.

Deberanse solicitar os informes e ter en conta a seguinte Lexislación sectorial:

En materia de **estradas**, de conformidade co artigo 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, cando afecte a estradas estatais. Así mesmo deberá terse en conta a Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, cando afecte a estradas autonómicas.



No ámbito do **patrimonio cultural**, debe terse en conta o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, así como a Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, cando afecte a bens de interese cultural, propiedade da Comunidade Autónoma.

Así mesmo o artigo 189 da Lei 33/2003, do **Patrimonio das Administracións Públicas**, establece que sen prexuízo das publicacións que fosen preceptivas, a aprobación inicial, a provisional e a definitiva de instrumentos de planeamento urbanístico que afecten a bens de titularidade pública deberán notificarse á Administración titular dos mesmos. Cando se trate de bens de titularidade da Administración Xeral do Estado, a notificación efectuarase ao Delegado de Economía e Facenda da Provincia en que radique o ben.

Os prazos para formular alegacións ou interponer recursos fronte aos actos que deban ser obxecto de notificación comezarán a contarse desde a data da mesma. Corresponderá aos Secretarios dos Concellos efectuar as notificacións arribas previstas.

En materia de **augas**, téñase en conta que a Lei de Augas do Texto Refundido 1/2001, de 20 de xullo.

O informe entenderase desfavorable se non se emite no prazo establecido ao efecto».

En relación coa conservación dos **espazos naturais protexidos**, a Lei 42/2007, de 13 de decembro, establece, no seu artigo 18 que « cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contradictorios eos Plans de Ordenación de Recursos Naturais deberán adaptarse a estes. En tanto dita adaptación non teña lugar, as determinacións dos Plans de Ordenación de Recursos Naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre ditos instrumentos. Así mesmo, os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais serán determinantes respecto de calquera outras actuacións, planes ou programas sectoriais, sen prexuízo do que dispoña ao respecto a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido dos Plans de ordenación dos Recursos Naturais por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, neste caso a decisión deberá motivarse e facerse pública».

Así mesmo debe terse en conta na mesma materia a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.

En materia de **residuos**, hai que citar o artigo 21 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia, así, «os instrumentos de planeamento urbanístico adaptaranse ás determinacións do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, sen prexuízo de que este se adecúe no posible á planificación urbanística vixente».



A Lei 13/1982, de 7 de abril, de **Integración Social dos Minusválidos**, establece no seu artigo 54, en relación coa mobilidade e as barreiras arquitectónicas, que a planificación efectuarase de forma tal que resulten accesibles e utilizables aos minusválidos. Da mesma forma, deberá terse en conta a Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade.

Así mesmo téñase en conta a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo modo, debe citarse en relación co planeamento urbanístico as disposicións da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do **Ruido**.

En materia de **turismo**, téñase en conta a Lei 9/1997, de 21 de agosto, de Ordenación e Promoción do Turismo en Galicia, e con relación ao **deporte**, o artigo 13 da Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia].

No caso de que algún dos informes sectoriais sexa discrepante, se son vinculantes, deberase obrigatoriamente modificar o proxecto; se non o son, a Corporación pronunciarase sobre os mesmos.

Recibidos os correspondentes informes, as consideracións e indicacións contidas nos mesmos que sexan vinculantes ou aqueles outros que se consideren convenientes, deberán incorporarse ás determinacións do Plan.

E) Se o concello promotor presenta a documentación unha vez transcorridos tres anos ou máis desde que reciba o documento de referencia, o órgano ambiental deberá valorar a vixencia do informe de sustentabilidade ambiental e indicarlle, se é o caso, ao concello promotor a necesidade de elaborar un novo ou sinalar os puntos nos que o informe existente necesita ser modificado.

F) O órgano ambiental no prazo de dous meses desde a recepción da documentación completa elaborará a memoria ambiental co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do plan, na que se analizarán o proceso de avaliación, o informe de sustentabilidade ambiental e a súa calidade, se avahará o resultado das consultas realizadas e como foron tomadas en consideración e se analizará a previsión dos impactos significativos da aplicación do plan.



A memoria ambiental contera as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do plan. Terá carácter preceptivo e terase en conta no plan antes da súa aprobación definitiva.

Se transcorrese o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que lie fose comunicado ao órgano promotor, entenderase aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e poderase continuar a tramitación do plan.

G) Cumpridos os trámites sinalados ñas alneas precedentes, o pleno do concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que deba outorgar a aprobación definitiva.

Cumpridos os trámites sinalados nos apartados precedentes e á vista dos informes, alegacions e suxestións e alternativas presentadas, corresponde ao Pleno do Concello introducir motivadamente os cambios que resulten máis convenientes respecto ao Proxecto de modificación aprobado inicialmente.

En caso de que pretenda introducirse, no momento da aprobación provisional polo Pleno Municipal, modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido Acordó do Pleno Municipal e da remisión da documentación oportuna á Consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva.

H. Así, tras a incorporación ao documento en tramitación das modificacións que, no seu caso, fosen necesarias, o Pleno acordará a aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal [artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 85.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

I. Unha vez aprobado provisionalmente e debidamente dilixenciado o Plan Xeral en unión de todo o expediente administrativo, elevarase á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu exame e posterior aprobación definitiva.

A consellaría, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas, así como a adecuación ás determinacións da memoria ambiental que deban incorporarse ao plan, de acordó coa alinea 5 deste artigo. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización dalgún



trámite, ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a emenda das deficiencias observadas e fixará o prazo para o efecto. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre esta.

A Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio analizará:

- a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o Plan.
- b) A conformidade do Plan coa Lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.
- c) A coherencia do Plan coas directrices de ordenación do territorio e os demais instrumentos previstos na Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia, así como coas Normas técnicas de planeamento.
- d) A incidencia do Plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sostible e a articulación das infraestruturas de carácter local eos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

En todo caso, dado o valor do litoral como recurso natural e ambiental non renovable, entenderase que a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa de 500 m desde a ribeira do mar afecta aos intereses autonómicos.

J) O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

K) Os instrumentos de planeamento son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación definitiva non poderá ser obxecto de recurso en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na lexislación aplicable.

L. O Acordó de aprobación inicial determinará por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cunhas novas determinacións que supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estes efectos o Acordó determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar de dita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento (artigo 77.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia).



M. Os instrumentos de planeamento son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación definitiva non poderá recorrerse en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lexislación aplicable.

N. A Consellería publicará o Acordó de aprobación definitiva no prazo dun mes desde a súa adopción no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase o documento que conteña a Normativa e as Ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establece o artigo 92.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación.

O. Finalmente sinalar que o proxecto de modificacións puntuáis en diversos ámbitos a xuízo dos funcionarios informantes é conforme coa lexislación vixente, é dicir, se adecúa ás determinacións da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada polas Leis 15/2004, do 29 de decembro e 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, á Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, á Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e ao Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

En relación á calidade técnica da ordenación proxectada a mesma estimase acertada e adecuada por canto, ao marxe da necesaria tramitación do PXOM, é necesario dar resposta inmediata a numerosos desaxustes que plantexa unha normativa do ano 1977."

Intervén o voceiro do BNG: "VOU TENTAR SER BREVE ACLARANDO UN POSICIONAMENTO SOBRE UN TEMA que para nós é trascendental e importante na perspectiva presente e futura. Para o noso grupo a modificación do PXOM non só foi senón que é e sigue sendo unha cuestión fundamental. Pensamos que ao marxe da necesidade de adaptar a normativa urbanística a aquelas outras superiores que está facendoa Xunta de Galicia, como a modificación da Lei do Solo, e pensamos que en Ares se precisa un plan que mellore ó do 1999 e que resolverá as grandes deficiencias que tiña e vai si era como si era unha superación das normas que estamos xestionando. Non nos sorprendeu a sentenza do ano 2008 xa que o TS asumiu aá do TSXG e nos íamos atopar sin instrumento urbanístico. Digo isto porque nós pensamos que que estemoa a un ano de rematar este mandato municipal de catro anos e aínda nós non conseguísemos que a nosa corporación dispuxera dun instrumento urbanístico definitivo e mellorada, en certa maneira temos que asumir unha responsabilidade colectiva e nós asumimos a nosa. Non somos parte do goberno municipal e saben os compañeiros dos



demáis grupos de que a finais do 2007, antes da sentenza que casaba a anterior do TSXG á do TS antes xa lle remitíramos ao conxunto dos grupos un decálogo ao respecto de cómo había que articular a modificación do PXOM. É evidente que unha vez que se decide non avanzar nesa modificación e a probas me remito, e se quita unha proposta de face modificacións puntuais o noso grupo naquela comisión de seguimento, xa dixemos que a nosa posición era non entrar en cousas específicas de modificacións puntuais porque había que facer un PXOM novo, e intuíamos que avanzar na modificación das normas era non avanzar nun novo PXOM. As cousas que hai que solventar para o BNG son a través dun novo PXOM. Ben, estas modificacións que se traen aquí non resolven os problemas urbanísticos fundamentais do Concello, os máis grosos, non se resolven os núcleos rurais e quedamos coas normas do 1979, non se contempla o tema da expansión da zona urbana, a dotación de equipamentos ou a rehabilitación dos cascos de redes e Ares. Estamos nunha política de moi curto prazo creando un espellismo de que con esto vamos resolver grandes temas e non vai ser así. Como xa dixemos dende o principio a nosa posición era de traballar, marcamos as ideas que humildemente tiñan que presidir a elaboración dun novo PXOM, que como decía o extinto Iglesias Corras, o Plan está como está, e eso está parado, esta corporación non vai facer un PXOM novo e para nós todas as modificacións non son iguais. Distinguimos entre modificación que hai que facer porque son sobre cuestión que había que facer e non se pudo pola anulación do PXOM, como o tema de Redes, que o fai Costas sobre o PXOM de antes e agora para darle cobertura legal a esta obra que está a rematar e que contemplaba o PXOM do 1999 ou tamén aínda que non sei se isto vai resolver o tema, para a ampliación dos terreos do CPI e atopar unha solución, e poño unha interrogante, á vista da reunión co delegado da Xunta na provincia de A Coruña. Non podemos entender a urxencia das demais modificacións e serían obxecto dun cambio de normativa que vai afectar ao casco de Ares e de Redes, que no fondo é unha modificación ou mini PXOM encuberto. O plan ou se fai ou non. Non se poden facer cachos que van vincular futuros PXOM. Están moi claras estas dúas modificacións e as demais como o tema da normativa deben agardar a un debate máis amplo, non dubidamos do tema da Praia de Chanteiro, pero xa se pintou un aparcamento nun lugar onde nós xa discrepamos e sería obxecto de debate. Por suposto que non estamos de acordó é que se utilice a modificación puntual das normas para legalizar situacións que evidentemente teñen responsabilidades claras, e chamarlle a unha cousa tan rimbombante como aliñacións na Avda Mazote, cando sabemos e non o digo eu, o dixeron no equipo de goberno que esto vai dirixido a solventar unha irregularidade urbanística dun edificio na esquina do Mazote para legalízalo e non vamos a apoiar a modificación das normas para amparar isto xa que ahí hai responsabilidades pendentes de valorar e están ahí, e das cales aquí en tres anos e pico ninguén quixo falar e se trata de que as aprobemos así. Se se aproban individualmente nós aprobamos a de redes e a do CPI no resto nos vamos abster e na do Mazote, vamos votar en contra”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Cando se decide facer esta modificación é porque a situación é garvísima. Non temos PXOM e facer un novo é algo moi complicado. A pesar desa



complicación o vamos facer pero o goberno galego anunciou unha reforma da Lei do Solo que favorece os núcleos rurais e decidimos por maioría pagar a redacción do Plan para ver cómo queda efectivamente na reforma da Lei do Solo, pola definición do ámbito dos núcleos. Claro, houbo que agarrar a unha lei que certamente nos beneficiaba e o Plan vai ao ritmo que pode ir, vai. E en consecuencia indo chegará un intre no que teremos que votalo aquí no Pleno e se está traballando porque o Goberno reforma a Lei do Solo que nos beneficia nos núcleos rurais. Cuncas NNSS só podemos modificar o que hai, os cascos urbáns, e claro que non solucionan o rústico e os núcleos, e que por Lei non poden só pode facelo un PXOM, e que non podemos facer o outro. Si con NNSS puidéramos ordear os núcleos ou rústico o faríamos pero a Lei non nos deixa, eso é cun PXOM e é o que estamos facendo. Pero sí a lei nos permite ordear o urbano e sabemos que isto nas NNSS está mal ordeado porque vamos renunciar a poñelo ben, pois mentres non hai PXOM porque o estamos redactando e a Lei nos permite poner ben o urbano pois o vamos facer. Isto é o que tentan facer as modificacións. Tamén é certo que hai iniciativas do goberno de España que esixen respaldo do concello. Costas ten un proxecto magnífico en Chanteiro de 3 millóns de euros e Costas precisa do noso respaldo, a Consellería de Educación precisa respaldo para a aula de Infantil e logo hai iniciativa de actuacións non municipais como a de Chanteiro, e Costas sacará a Información pública, haberá alegacións e nós aprobaremos ou non. O tema do CPI igual lle corresponde á Xunta e lles damos cobertura. En cuanto ao do Mazote, hai un lío morrocotudo. Se da unha licenza por un plan, non se respeta o contido, se executa algo distinto, e logo xa non é ilegal, porque o plan que decía que era ilegal non existe e queda fora de ordenación, calificar as foras de ordenación de ilegalidade non o teño claro. Se houbera plan sí, sería ilegal, salvo que se legalice logo. Evidentemente non se pode legalizar porque non hai plan que de cobertura a nova licenza e queda fora de ordenación e así está e queremos ordealo cunha modificación para adecuar esa realidade xurídica á realidade física que hai. Non se trata de arranxar a vida a ninguén porque efectivamente pagou unha multa de máis de 50.000 € e a súa responsabilidade se finiquitou. E ademais o expediente de reposición da legalidade está anotado preventivamente no Rexistro e se actuou con toda contundencia pero hai que arranxalo, como Goberno deste municipio temos marxe para arranxar problemas e con estas modificacións vamos arranxar problemas, non todos, porque co rústico non se pode facer nada e o mellor non todo o que quixéramos e para eso está o Plan, para concretar e fixar dentro dun ano ou dous e se considere oportuno. En consecuencia eu o único que sinto é o retraso e comezamos a traballar neste fai un ano e sinto non telas traído antes porque efectivamente antes teríamos resoltos os problemas. Quedan algunhas que tamén virán no seu intre según se vaian cumprindo os trámites. A intención da Alcaldía era traelas todas xuntas, e era unha barbaridade retrasar 7 ata ter outras, entón non podemos estar condeando unas reformas por querer ir con todo; ao final esa intención inicial rompe e en consecuencia decidimos traer as que vamos tendo. Estas as temos e os veciños sean quen sexan e da cor que sexan pois efectivamente teñen dereito a ver resoltos os seus problemas se legalmente os podemos arranxar e esa é a intención destas modificacións.”



Intervén o voceiro de NAL Sr Luís Cendán: “Moi brevemente porque é un tema que se pode alargar moito. A realidade é que Ares non ten planeamento, que se comezou a tramitar un e houbo unha resolución da Xunta que dinamitaba toda a proposta presentada e nos deixaba nunha situación practicamente moi mala, xa que tratando da situación que propoñía a Xunta se íamos executar todo ese Decreto, deixaríamos fora de ordenación a metade de edificacións que o emsno gobernó aprobara. A realidade é esa, que estamos sen planeamento, hai problemas que hai que buscarles solución e a forma é a través das modificacións das NNSS porque son as que están imperando nestes intres. Hai que modificar para mellorar aspectos e se pode estar máis de acordó ou menos e incluso hai que protexer porque sabedes que o tema da edificación das normas vai en función do ancho de rúas, e hai zoas de Ares nas que o PXOM limitaba 2 ou 3 alturas e se poden dar 4 ou 5. Creo que esas modificacións están ben feitas e vamos resolver algún temas e a realidade como digo é que o Plan Xeral vai ir para largo e parece ser independentemente da nova lei do gobernó ía ser moi difícil porque aquí o tema do planeamento en Ares sabedes que o tema dos núcleos rurais non se nos recioñecían metade deles; ademáis o maior inconvinte é a interpretación por parte dos funcionarios da Xunta, parece ser que algún xa o cambiaron. A medida que hoxe ven aPleno é unha medida que aínda que non sexa perfecta é necesaria neste intre para darlle solución a eses problemas que diariamente se ofrecen por parte da cidadanía, e pensar que o PXOM vai ir para bastante lago desgraciadamente para nós, e si podemos atopar solución como a través destas modificacións esto é positivop e o noso voto vai ser favorable.”

Intervén o voceiro do PP, Sr Manuel Cendán: “Bueno eu por facer un resumo, decir que esta situación é froito dunha sentenza que anulaba un plan e nos levou no 2005 a presentar un PXOM para darlle cobertura legal ao que había, e presentamos un plan practicamente adaptado á lei e ao PXOM do 1999. O informe por parte da Dirección Xeral foi lamentable, e o facía inviable resolver todas as alegacións e dictámes que viñan alí e creo que despois no ano 2007 veu a resolución do TS a cal tiraba o Plan abaixo. Creo que esto conleva ter que usar as NNSS do ano 1978 que nin estaban adaptadas á legalidade en Ares do ano 1978. No Mazote nas NNSS había rúas trazadas cada 20 ou 30 metros ó longo do casco urbano seguindo as rúas real, maría, e iso hoxe sería inviable e había que adaptalas ao PXOM do 1999 cando se deron as licencias. Creo que é sair do paso e xa se explicou por parte do Alcalde que foi para buscar solución ao Casco Urbano e cos núcleos rurais non se pode facer nada e no casco urbano sí se pode facer algo. Algunas están recollidas, outras non e nós votamos de menos unha que se puido traballar e xa o dixen eu que era o tema do CPI e hai que tomar unha determinación e buscar un suelo para un futuro colexio, e sexa coas NSS ou cun PXOM, tomar a decisión de buscar un suelo e eso nos vai vir enriba e o problema está ahí, estamos collidos porque ten que ser suelo urbano coas NNSS e si houbera posibilidade, buscar unha nova ubicación para o novo CPI, deixar ahí un suelo preparado para un novo equipamento. Creo que esto non é a panacea de nada pero sí pode axudar mentres non sae a diante un novo PXOM. Éste vai ser a medio prazo, menos de dous ou tres anos non o vamo quitar e creo que o que hai que buscar é a solución aos vecinos e así, podemos ir tirando mentres non quitemos un plan. Se a vontade de



todos é quitalo, tamén por parte da Xunta de Galicia, co cambio da Lei do Solo que vai favorecer os intereses do Concello e vai resolver os problemas dun PXOM. Vamos darle o voto a favor pero sí digo que votamos de menos no tema do CPI buscar unha solución para deixar ubicada unha zoa para un novo colexio e é unha necesidade que non vamos poder evitar.

Interven o Sr. Alcalde Presidente: Eso o veremos no PXOM, Manuel, no PXOM se buscará unha parcela grande e se porá coma equipamento e entón no PXOM se porá como tal.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval quen manifesta que simplemente se alegra de que todo o mundo recoñece que todo isto, como acaba de dici-lo voceiro do PP non é a panacea de nada, sin embargo hai que ser humildes e hai que recoñecer e ser autocríticos; o PXOM deste Concello tivo unha parálise provocada por un tema de Xunta pero podía estar aprobado perfectamente se houbera vontade política para face-lo, porque ademáis había os votos para face-lo pero claro, depende de qué PXOM, penso que non nos deben de doer prendas e supoño que os grupos políticos temos posicións que non son iguais ao respecto de por dónde debe ir o urbanismo en Ares, do proxecto de Concello que temos, e non pasa nada; a xente saberá iso e votará, non sabemos se votará por iso ou votará por outras cousas pero é evidente que está moi ben que digamos que estamos todos unidos pero nun tema como o urbanismo non imos todos unidos, creo que algúns sabemos algo disto. Por outra parte, a mín mágoa, que aquí fagamos a referencia sempre ao tema das NNSS pois como algo que apareceu ahí...; as NNSS apareceron ahí porque houbo quen se encargou de tirar o PXOM abaixo, política e xurídicamente, agora o que non se pode facer é que os mesmos que o tiraron se lamenten porque outro galo cantaría si con as deficiencias que tiña, que as tiña, o PXOM do 99 xa nos gustaría estar a nós agora mesmo con esa situación e non con estas normas, polo tanto, o que non se pode é estar na procesión e tocando a campá ao mesmo tempo, ou se fai unha cousa ou se fai outra; e lamentablemente esto ten responsables políticos de todo isto, eu son bon... son bueniño... me sento nunha mesa... non son vengativo... non llas teño gardadas a ninguén... pero recordo da historia máis próxima que vivimos, algunha xente que hoxe non está aquí, e me parece que soamente por iso teríamos que facer un recoñecemento a un traballo que se fixo porque aquí sempre que se fala parece que fixemos unha cafrada, pois a cafrada é a que temos agora por non te-lo PXOM do ano 99, entón quero dicir aquí que o BNG foi claro dende o principio, incluso cando estabamos negociando a posibilidade dun acordo de goberno, en situa-lo PXOM como a primeira das prioridades; pero claro, un PXOM que non era igual que o que quería o PP, á xente que lle extraña tanto que votemos en algunha mocións có PP no das Caixas e demáis, pois non vou sair por fóra dicindo o mesmo, que tamén me extraña que se vote igual en temas urbanísticos, ¿qué lle imos facer? a política, sei que é así de dura, pero todo ten unha historia e nós estamos na situación que estamos non por culpa da Xunta senón por culpa de quén tirou o PXOM abaixo e por culpa de quén non foi capaz de construír un



PXOM novo, eso é así, e dende logo non foi o BNG porque me parece que nós aportamos do que sabemos, e me parece que algo sabemos, pero o que non se nos poder pedir é que cumlguemos con rodas de muiño e entón non sei si a casa do Mazote está legal, alegal, supralegal ou infralegal, o que sí sei é que chotea á maioría da cidadanía, dos señores e señoras que veñen a pedir un permiso e que lles controlamos que na adega que fan que non se pasen... e aquí, este señor, con 10 millóns de pesetas, pagaron, construíron de máis pagaron 10 millóns de pesetas e, seguramente, gañaron 50, me río eu das sancións deste tipo e ademais me temo que si isto o aplicamos a outros marróns que hai pendentes de solución todo o mundo saberá que en Ares, pagando sancións se legalizan determinado tipo de situacións. A mín dame moita rabia que aos veciños e veciñas lles impoñamos tanto e despois a algunha xente, que por certo tamén teño que dici-lo aproveitando que está aquí, non anda falando moi ben do equipo de goberno, é dicir, que aínda encima parece que lle estades facendo un favor e, vou dici-lo con todo claridade, vos está a poñer podres por ahí adiante, pero non se lle pode esixir á xente que, ademais de pagar, fale ben de ti, o recoñezo, pero é para que o saibades porque é bó saber con qué clase de elementos e o digo con tódalas letras, tratamos ás veces, porque eu como os coñezo, pois tamén o podo dicir, polo tanto nós imos a votar a favor de esas dúas que dixen e non imos abster no resto e na do Mazote nos imos manifestar claramente en contra, e por suposto, estaremos claramente construíndo un PXOM, pero por nós xa estaría feito.

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: quen manifesta que non quere retroceder ata o ano 99 pero sí, o PP, presentou 18 alegacións que non foron nin discutidas e foron desestimadas; pero nós, como grupo, presentamos 18 alegacións, non eran moitas e precisamente o voceiro do BNG, como concelleiro de Urbanismo, se negou a discuti-las, se negou a facer unha cousa tan importante, vostedes non quixeron discuti-las; e nós non tiramos o PXOM abaixo, o fixo un Xulgado e se recurríu ao Tribunal Supremo, que o fixen eu, e perdimos tamén; entón non estaría tan ben feito ese PXOM e moito menos dictaminado e sen discutir o grupo maioritario, que onde afectou o PXOM do ano 99, o PP tiña máis votos que os dous partidos que tomaron a determinación xuntos, máis votos que o PSOE e o BNG xuntos. Vostedes nin escoitaron ao grupo maioritario, nin quixeron discuti-las 18 alegacións presentadas. Cando nós entramos prometimos unha cousa e fixeron 5 alegacións no PXOM, porque vostede fala do PXOM pero no PXOM se fixeron modificacións gracias ao PP porque cómo quedaría, como pasou na Poella, na rotonda de entrada que significaba a modernización da entrada de Ares, que era tercermundista e non estaba recollida no PXOM, aquela rotonda que dicía vostede que era voladora... eso ahí está feito, se fixo a Modificación Puntual e se fixo a modernización, o do campo de fútbol vello no que vostedes concederan licenza no ano 98 de baixo máis 4 sen deixar espazo público e cando quixo empeza-la obra, nós paramos a obra e fixemos unha Modificación Puntual para legalizar iso porque todo iso ía en formigón, baixo máis catro e todo en formigón, non quedaba nin unha praza pública e obrigamos a facer unha modificación, perdeu mil metros cadrados urbanizables, con ameazas e coas estacas postas e lles mandamos levantar todo e os obrigamos a facer unha modificación e lle obrigamos a facer



unha U porque todo ía en formigón, e como esa hai máis, o que pasa que vostedes non quixeron negociar có grupo maioritario, e ademáis dicir que o que alegamos o levamos despois a efecto, o que dixemos se levou a efecto. Voulle lembrar algo máis, nós na Aprobación Inicial do PXOM, votamos a favor, cando se puxo a exposición pública, estaban mentindo e enganando dicindo que non estaban a facer un PXOM e despois no-lo presentan e cando presentamos alegacións como calquera outro veciño, presentamos 18 alegacións e non se quixeron nin discutir na Comisión Informativa, eso é o que fixeron vostedes e non estamos a falar dun grupo pequeno, nin un concelleiro... era o grupo maioritario da Corporación e tiña máis votos e estaba máis representado legalmente para tomar decisións que vostedes, porque tiñamos os votos donde ía afectar o PXOM que era no casco urbán; eso foi o que fixeron vostedes e o votaron abaixo porque estaba mal feito porque aprobaron no Plan Inicial un ancho de rúa que despois, cando foron as alegacións a resolveron e as estreitaron para deixar algunhas edificacións non fóra de ordenación; na rúa Celso Emilio Ferreiro e máis na Avda. dos Castros, e por iso tiraron o PXOM, non pensen que foi por outra cousa, eso está na sentenza. Eu daquela era o voceiro e me lembro de todo iso igual que se pode lembrar vostede, e non quixeron contar con nós para nada, nin discuti-las alegacións que presentamos, non pense vostede que é outra cousa, non quixeron negociar nin colaborar có PP neste, foron de sobrados porque tiñan 6 votos... pero non deberían ir tan sobrados porque os votos os tiñamos nós e a forza a tiñamos nós; ¿qué pasou? que despois nos vimos respaldados, que houbo xente que alegou iso e que, por iso, lles tiraron o PXOM abaixo, porque non o fixeron ben, non é porque o PP fixera algo, foi porque vostedes non fixeron ben o PXOM. Quero lembrar isto porque iso xa choveu e xa pasou e o que hai que mirar é o futuro e deixar atrás o pasado, a mín me era moi cómodo chegar agora e votar en contra e dicir que non aprobaba isto e quedaba tranquilo sen ningunha responsabilidade pero hai un PXOM no ano 99, que vostedes probaron, que nós levamos a efectos, que se diron licenzas e que hai que adapta-las NNSS ao que se dou, nada máis, e no edificio do Mazote se pasaron en 4 metros de longo e o PXOM marcaba 60 e fixeron 64 m, o PXOM se anulou e si se mandou tiran a esquina, tiraron a esquina e ademáis pagaron unha multa, ¿cal é o problema do edificio do Mazote agora mesmo? as entradas das rúas, legalmente, o problema do Mazote son as entradas das rúas, que hai que quita-las das NNSS e adapta-las ao PXOM do 99, se trata diso. todo o que sexa mellorar e resolve-los problemas aos veciños porque, como pode ver vostede na comisión informativa de urbanismo, damos peches, arranxos de tellado e nada máis e penso que os veciños, agora que o boom do urbanismo, os veciños poidan rehabilitar unha casa unifamiliar, o casco antigo é todo practicamente así, e que poidan facer esas obras porque sinon nos atoparemos, como xa pasa nas cidades, que na maioría das casas están en ruina e abandonadas e cando temos unha responsabilidade, estando no goberno ou na oposición, non pode ser que a xente non poida facer e abandone e que non poidan comprar e arranxar unha casa por ahí para rehabilita-la e vivir, nós temos que tirar para diante porque ao final temos que representar á xente do pobo no que vivimos. Nós imos votar a favor de tódalas



moficiacións que sexan para solucionar e adaptar ao PXOM do 99 polo que se concederon multitude de licenzas.

Interven o voceiro de NAL SR. Luis Cendán Fernández: quen manifesta que quere respostar, polo menos unha conclusión á que se chegou na intervención do voceiro do BNG, denotei unha parte da intervención un pouco xenófoba, o digo sen acritude e sen ánimo de ofender e terás que perdoarme, porque a estas alturas penso que ter perxuízos se negocias có PSOE, có PP, con NAL... penso que debe estar máis que superado e unhas veces conincidirás e outras veces non, así que penso que ter perxuízos por coincidir en algo que estamos a construír e estando ao servizo público penso que hai que tratar de supera-lo esa é a opinión que teño, ao mellor non era a intención, pero penso que ese tipo de perxuízos, independentemente de ideoloxías ou de estar dacordo ou non, habería que evita-los, polo menos na miña opinión eu penso que si teño que falar con vostede aquí, fóra de aquí ou onde sexa, non teño ningún tipo de perxuízo e falar do que sexa, esa é a miña opinión e penso que ese tipo de barreiras e perxuízos xa vai sendo hora de que se poñan ao marxe da política. Ao mellor non foi a súa intención, perdoa si o entendín mal pero si algo me molestou foi interpretar o que expreso.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval quen manifesta que non lle vai dar moita importancia porque non penso que Luis saiba, exactamente, o que significa a palabra xenófobo porque aplica-la ao que eu dixen... non lle vou dar maior importancia porque creo que, no fondo, non sabe o que quere dicir o de xenófobo pero aproveito para ratificarme que un dos promotores dese edificio foi un exemplo de coñeo permanente e de falla de interese e de falla de colaboración có Concello de Ares, incluso coa Corporación na que estabas tí no Goberno Municipal, a mín non me doe que me tomara o pelo a mín porque no mo tomou, non son consciente diso, pero creo que o Concello de Ares no seu conxunto e en concreto o goberno voso, polo tanto me sinto representado tamén aínda que non me gusta, foi un exemplo de incumprimento, de pasar de todo, cousa que segue a facer e eu o quero dicir aquí.

O Sr. Luis Cendan di: Me refería á xenofobia política, ía por ahí.

O Sr. Rodríguez Doval: Ese señor se pasou na súa actuación e o resto non me importa.

O Sr. Luis Cendan di: Me refería ao perxuízo de coincidir con outras siglas e sabes de sobra que me refiro a iso.

O Sr. Rodríguez Doval Entón me expresei mal seguramente. Creo que a xente que colabora có Concello, o Concello ten que colaborar con él, coa xente que non colabora, creo que o Concello non está obrigado a colaborar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente: Para que no haxa dúbidas, son 60 m. lineais no PXOM do 99 e fai 4 de mais, se lle manda tirar e paga unha multa, agora o que imos arranxar é que as NNSS abrían camiños para Besoxo, abrían rúas, agora como o PXOM se anula e o que recupera vigor son as NNSS, resulta que nesta rúa está o edificio de Jofer, o edificio de Bellocampo e



nesta rúa está o edificio de Gabeiras, eso é o que se está a arranxar, non estamos a salvarlle a vida a ninguén, o que fixo 4 m. de máis os tirou e pagou unha multa; agora estamos anulando rúas porque hai edificio enriba porque cando se diron as licenzas de Gabeiras, Bellocampo e Jofer non había esas rúas, agora se anula o Plan e aparecen nas NNSS unhas rúas debaixo dos edificios, entón imos anular esas rúas porque teñen ese edificio. ¿Procedería derruba-los edificios? non, porque como se diron conforme a licenza habería que indemnizar. ¿Temos 60 millóns de euros para mante-las rúas? porque Jofer, Gabeiras e Bellocampo construíron con licenza, agora lles temos que indemnizar, si queremos salva-los camiños lles teremos que derruba-los edificios e indemniza-los; entón o máis sensato é anula-los camiños, non se lle está a arranxar a Jofer os 4 m., non, se lle mandaron tirar e pagar unha multa, estamos a arranxar camiños nos que agora resulta que hai edificios enriba porque como non estaban no PXOM, o PXOM se anulan e aparecen nas NNSS camiños onde hai edificios, polo tanto o que estamos a facer é eliminar camiños. que quede claro que non lle estamos a arranxa-la vida a ninguén...

O Sr. Manuel Cendán manifesta: Hai algo máis porque nas NNSS se permite máis longo deses 60 m., creo que son 70 m. polo que se permite máis edificabilidade.

O Sr. Alcalde Presidnete manifesta: O único que se está a facer é anular eses camiños no Mazote, Jofer pode ter a opinión que queira de mín, non me importa, non lle estou arranxa-la vida a ninguén e, nese senso, teño o convencemento de que, como moito, estou tratando de mellora-lo interese público, arranxarlle a vida a ninguén teño claro que non se lla vou arranxar, terá que ser él mesmo quen o teñer que facer e cun Secretario e uns apareladores que fan informes dandolle a razón, porque se o Secretario e os apareladores fan informes dandolle a razón non se pode facer nada e xa estou acostuada a pelexar nese ámbito porque noutro problema gordísimo que hai, se me amenazou no hall e se me dixo que xa me collerían noutro momento fóra, entón comprenderás, como eu comprendo, que quen xoga con moitos millóns de euros e se ve desesperado, me responsabilice a mín de que o estou amargando cando eu non estou amargando a ninguén, o amargou seu arquitecto ou quen o enganou porque os pisos non aparecen así, alguén os constrúe, por eso te digo que nese senso me é indiferente. Isto é un proxecto único e a votación é a todo o proxecto, é aprobación, se procede, ao proxecto de Modificacións Puntuais, entón é un proxecto que comprende sete modificacións puntuais pero a votación é ao proxecto conxunto, entón se vota o proxecto de Modificacións Puntuais en diferentes ámbitos có que hai unha única votación, o comunico a efectos da votación.

O Sr. Rodríguez Doval: Simplemente unha cuestión de procedemento, xa sei que se pode facer así pero non deixa de ser absurdo porque, en condicións normais supoñamos que aquí o grupo de goberno tivera 13 e non por forza, tódolos Concelleiros ou tódolos grupos terían que coincidir nas 13 e supoño que se poderían votar unhas con uns votos e outras con outros, pero facer un paquete con estas 7 e deixa-las outras, se pode xustificar da maneira que se queira nós non imos facer cabalos de batalla pero ¿cómo que non se poderían votar unha por unha?



si ademáis non ten nada que ver unha coas outras, cada unha é singular e ademáis diametralmente oposta á outras, non teñen nada que ver, nin sequera hai unha secuencia, nin xeográfica nin nada, cada unha resolve un tema, ou quere resolve-lo, polo tanto ¿cómo non se van poder votar? agora ben, se o Alcalde non quere somete-las a votación unha por unha, xa sabemos que se pode facer e, polo tanto as votamos, non hai problema, anuncio que nos absteremos non hai problema e nos absteremos se a votación é única pero queda recollida cal é a nosa posición porque despois malinterpreta todo o mundo.

Interven o Sr. Alcalde: Ven a Pleno coma punto único, Aprobación, se procede, Proxecto de Modificacións Puntuais, entón imos mante-lo punto tal e como ven, é dicir, se vota o proxecto e se vota unha soa vez e nese senso as explicacións do voto son para explica-lo voto, a mín me quedou claro que vas votar en contra non por culpa de 5 ou de 2, polo tanto a mín me quedou claro; nese senso están as actas e a grabación do Pleno.

Sometida o asunto a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 4 P.P. 1 NAL e 1 Non Adscrito Sr. Echevarria Lage, e 2 Abstencións do Grupo Municipal do BNG o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, todo elo de conformidade co establecido nos artigos 22.2.c e 47.2.ii) da Lei 7/85 de 2 de abril das Bases do Réximen Local, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación inicial o Proxecto de Modificacións Puntuais en Diferentes Ambistos das Normas de Ordenación de Planeamento de Ares, que comprende:

- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Adecuación proxecto recuperación borde litoral Chanteiro.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Adecuación proxecto recuperación fachada Marítima de Redes.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Avda. do Mazote.
- Modificación Puntual da Normativa Urbanística das Normas Subsidiarias.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Pedrós.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias ampliación CPI Conde de Fenosa.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias viario Redes.

2º.- Someter a expediente a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia os municipios limítrofes. Non será precisa a notificación do trámite de información pública as persoas propietarias de terreos afectados.

Punto núm. 5.- TOMA EN COÑECEMENTO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS E ORDENANZA FISCAL PISCINA MUNICIPAL "ARES-MUGARDOS".-



O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que a toma de coñecemento xa a fixemos nunha Comisión de Facenda porque o propio servizo está no Concello de Mugardos e, en consecuencia, aínda que é froito dun traballo que se fixo nunha comisión paritaria a aprobación onde procede é no Concello Mugardos sen prexuízo de que nós tomemos en consideración e en coñecemento ditos pregos.

O Concello Pleno dase por enterado.

CONTROL E FISCALIZACION ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIO SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, quen manifesta que hai unha resolución, que é a 90-10, que hai un erro nela; fala dun recurso contra o Concello de Ares a día 23/12/2010, imaxino que será 23/02/2010, pode ser un erro de transcripción. Ademais me gustaría comentar o tema da resolución das gratificacións ao persoal do Concello porque esta vez sí ven acompañado dun informe de Secretaría pero, na miña opinión, máis que aclarar as dúbidas si había algunhas ao respecto, ven a complica-lo máis, baixo o meu punto de vista, porque en todo o informe se fala de tódala lexislación que se fai constar no informe e se está a falar de persoal funcionario e o persoal que ven relacionado nas gratificacións é persoal laboral, polo tanto nin no informe se aclara a qué partida orzamentaria ven do orzamento, porque sabes que o mesmo persoal funcionario dende o punto de vista orzamentario non ten nada que ver có persoal laboral, nin a mesma lexislación, có cal a este persoal, en todo caso, non lle corresponden gratificacións senon horas extraordinarias, que parece ser que están a cobrar horas extraordinarias, có cal a gratificación ao meu entender, e dado o que se fai constar no informe, estaríamos a falar de persoal funcionario e polo tanto non se pode falar de gratificación e sí de horas extraordinarias. Non sei si é certo que ademais destes traballos que son os que marca a Lei para o persoal funcionario, que se gratificará ao persoal por traballos fóra do horario de traballo, neste caso si os traballadores do Réxime Laboral, persoal laboral, están cobrando horas extraordinarias e, a maiores, se lles pagan estas gratificacións. Outro dato que me gustaría recalcar é que as gratificacións nunca poden ser fixas nin periódicas e, non sei si son fixas e periódicas, pero me sonan e aínda que agora de memoria non podo dici-lo porque non o comprobei, pero fixas nos trimestres o nas mensualidades son, porque ao mellor intercambio algún nome e apelido pero



creo que estas 4 persoas xa viñeron varias veces por este concepto, polo tanto lle rogaría ao Secretario que o seu informe me aclarase máis si lle corresponde legalmente, xa que o aplicou ao tema funcionario, si lles corresponden as gratificacións ao persoal laboral; polo tanto ademáis un dos temas é a disponibilidad orzamentaria que fai constar no informe pero sí dí que hai disponibilidad orzamentaria pero non se dí a partida á que corresponde e me gustaría que...

O Sr. Alcalde di : Este é un tema recorrente...

O Sr. Manuel Cendán di: Eu quero falar, falo eu e nos contestas aos dous.

Resposta o Sr. Alcalde: Non Manuel, este é un tema recorrente

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: quen manifestas que nós vimos reiterando este tema, coa que está a caer me parece lamentable e vergoñoso que se presente unha resolución, coa que estar a caer neste país que a xente está desesperada e estou a falar de temas de alimentación, que veña un traballador cunha gratificación de 1.400 €, e que me parece lamentable e vergoñoso, é impresentable en tódolos sitios...

O Sr. Alcalde di: Si me deixaras respostar ao voceiro de NAL non me dirías isto

O Sr. Manuel Cendán manifesta: Esta xente está cobrando máis, cós 1.400 € que o que cobra de nómina, creo que esto é unha salvaxada e coa que está a caer temos que evita-lo sexa como sexa.

Interven o Sr. Alcalde: Carlos Rivera López, no PEMU, vai coma responsable de Protección Civil e se aprobou no Pleno a retribución dese Coordinador no PEMU e este diñeiro é o que cobra Carlos coma responsable de Protección Civil, e está aprobado no Pleno; ¿que se segue a pagar coma gratificación?, non o entendo, isto podería te-lo Carlos na súa nómina porque hai partida orzamentaria, figura no PEMU coma Coordinador e a disponibilidad as 24 horas do día, cando se solta un cabalo ás 3 da mañá, o chaman a él do 112, cando hai un accidente en Cervás ás 6 da mañá o chaman do 112, é a disponibilidad; agora ben, descoñezo por qué razóns se paga sempre con gratificacións, porque é a disponibilidad de Carlos fóra do seu horario de traballo en que en canto haxa un accidente ás 3 da mañá o chamen ao pobre, e é certo que ten unha disponibilidad de 24 h ao día e lle pagamos esa disponibilidad

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Pero para eso están as horas extras Alcalde, o que non se pode é gratificar así a este persoal. O mecanismo haberá que adapta-lo á Lei, digo eu, o que estou a dicir é que sei que a xente ten que facer horas extraordinarias pero esto...

O Sr. Alcalde di: Nós o aprobamos no Pleno. A mín como o Secretario mo presenta, o presento. Despois, Agustín está nesas funcións de coordinador. Se poden compartir ou non, non digo que se teña que compartir pero xa expliquei que hai un pequeno problema, importante, e hai



unha persoa que fai de ponte entre outras razóns porque nos evita un contacto directo que poida dar lugar a malos entendidos. A mín me poden meter o día de mañá unha demanda por acoso pero dubido que prospere cando nunca falo con esa persoa; busco non falar nunca porque me imaxino que se me pode poñer unha demanda por acoso, a meterá; pois a ver cómo me pon esa demanda se non falo nunca con él porque eu só falo con Agustín e eso hai que retribuí-lo, eu non me metín neste lío, aquí había un capataz que estaba facendo o que sempre fixo e de repente deixou de face-lo, entón nese sendo se complicaron algúns ámbitos relacionais e para mín non é plenamente satisfactorio estar pelexando con él tódolos días e prefiro ter por riba del outra persoa á que lle digo que ten que facer e me evito disgustos e se paga esa responsabilidade. Logo o de Cernadas e o de Manuel é por unha especial dedicación, porque non pasan tódalas horas, fan horas de máis, entón se fan algunhas e en premio a que fan un esforzo denodado porque mirada cómo está a rúa, decídeme se está sucia, se hai beirarrúas rotas, se hai mobiliario roto, decídeme se hai algo mal..., pois se está a facer có persoal que temos: Cernadas, Manolo, Agustín, o capataz, Antonio, que está de baixa cada dous por tres porque está malo, e Santi, que xunto có capataz estiveron tamén de baixa porque temén estiveron malos. non se pode manter o nivel de limpeza do pobo, as beirarrúas como están, todo pintadito... con Cernadas, Manuel e Agustín, é imposible. Esa xente traballa por enriba do seu xornal e de vez en cando se lle dan 200 €, o podeades compartir ou non, agora, eu non podo explicar máis, é así, temos pouco persoal.

O voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: A mín me parece ben que lle pagues coma capataz, pero que lles pagues a diferenza, ¿canto é o soldo do capataz? pois 1.400 €, máis do dobre do que gaña este tío, creo que aquí o Secretario cando se vai cobra a complementaria.

O Sr. Alcalde respota: O revisarei pero os criterios son: a Agustín se lle paga a diferenza salarial có capataz, pero como non se lle da tódolos meses porque non pode ser nin fixa nin periódica, de vez en cando se lle da e se lle da a diferenza de soldo có capataz se lle da xunta, pero é a diferenza de soldo.

O Sr. Manuel Cendan: Creo que non coincide esto que me estás a dicir. Si coincide coma ti dís, suma dous, non coincide porque non pode coincidir porque a diferenza dun oficial de primeira a un capataz non pode ser tan grande.

Resposta o Sr. Alcalde: Manuel, mira, os 200 € de Cernadas e Manuel, por ese exceso de dedicación polo pouco persoal que hai e ese plus de traballo o ten Agustín e o ten Carlos, entón ese plus é lineal, 200 €

O Voceiro do PP di : Non é lineal porque quedan 3 persoas ahí ás que non se lles da.

Resposta o Sr. Alcalde: Pero non se lle da porque non teñen este esforzo.



O SR. Manuel Cendán: Eu só o fixen unha vez e se lle dou a todo o mundo, pero o que non podes facer é discriminar, darlle a dous ou tres e non darlle ao resto. A mín me parece totalmente discriminatorio.

O Sr. Alcalde: Imos facer unha cousa, ¿creeis que procede un plus á xente que está de baixa? entón se non o traballa non se lle paga.

O Sr. Manuel Cendán: Eu eso o facía e eles o saben e cando aprobamos o Convenio, me levou a muller de Andrés ao Xulgado e houbo que pagar. Eu á xente que pasaba máis dun mes de baixa lle quitaba a produtividade.

Interven o Sr. Alcalde: Pois é o que fixemos nós. Vouche contar cal era a produtividade, o capataz renunciou a ela, o capataz estivo de baixa moite tempo e, como estando de baixa se lle quitou porque estando de baixa non se lles paga ese plus, cando se incorporou dixo que non-la metéramos por onde nos cupiera, como comprenderás, unha frase preciosa; dixo que renunciaba a ela, que non a quería, entón o capataz non a cobra porque renunciou a ela, Antonio e Santi estiveron de baixa moite tempo tamén, entón estando de baixa non se lle paga e logo, cando se incorporan, eu poderí dicir que fan xustíño o seu traballo; entón claro, á xente que fai xustíño o seu traballo non me parece oportuno recompensa-la. Estas son as razóns, as podedes compartir ou non, as podedes criticar porque non vos gustan pero son as que teño para facer isto, isto obedece a estas razóns, aos que traballan xustíño, que coincide que son os que estiveron de baixa, se lles quitou cando estiveron de baixa e agora como traballan xustíño, non se lle da. O voceiro do PP cando estaba de Alcalde, daba outras, algunhas delas especiais. Cando cheguei a Alcaldía se quitei unha produtividade a Montse de 400 € e a Marián.

O Sr. Manuel Cendán: Eu tamén quitei esas pagas porque estaban de baixa. A produtividade a cobran.

O Sr. Alcalde: cando eres Alcalde ves a uns traballadores máis implicados, menos implicados, os recompensas e eso o fixeches ti tamén cando estabas gobernando.

O Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: O que era de coña é que tiveramos que paga-la produtividade cando tiñamos 9 traballadores de baixa.

Interven o Sr. Alcalde: Eu, aos que estiveron de baixa, lles quitei a produtividade; imaxino que esa é a razón pola que o capataz se enfadou, porque cando voltou solicitou a produtividade e se lle explicou que estando de baixa...

O Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: Eles xa sabían que estando de baixa non se cobraba produtividade, se era máis longa dun mes.

O Sr. Alcalde dio: O capataz debeu estar de baixa casi un ano, Santi estivo de baixa..., Antonio...



O Sr. Manuel Cendán A todos os que estiveron de baixa máis dun mes se lles quitou a produtividade pero cando eu vin que fixeron varios traballos en Semana Santa, ahí uns anos, se gratificou con 200 € ou 150 € a todos, tanto ao capataz como a todos, a todos por igual.

O SR. Alcalde manifesta: Aquí ás veces se dan productividades , moi poucas, menos aos da nave que sendo poquísimos teñen o pobo empatenado. Eu non vexo o pobo sucio, vexo a beirarrúas arranxadas, aínda encima cobran pouco porque son os que menos cobran; o mínimo é que cobren o mesmo que o que cobra o último auxiliar administrativo de aquí, pois eso se consegue dandolles 200 € así, e esa é a maneira de recoñecer ese traballo; logo rompe unha tubería de calquera cousa, sexan as 6 da tarde ou as 5 da mañá, ahí están os tíos; agora ben tes aos que tes e aos outros non e cando pasa algo ás 5 da mañá non vexo ao capataz nin a Santi nin a Antonio e non se lles pode avisar porque apagan o móbil polo noite.

O Sr. Manuel Cendán: Mira eu te vou dicir que, por exemplo, no caso de Santi, cando viña agora neste tempo, o tractor traballaba mañá e tarde desbrozando, pola mañá Carlos e pola tarde él e a mín nunca se me queixou porque estivera de turno de tarde en pleno verá. Non houbo ningún traballador no Concello, funcionarios ou laborais, nos 8 anos que estiven de Alcalde que se me negara a vir cando se necesitou, non sei aos demais, pero a mín ningún e nunca tiven problemas con ninguén, cando se necesitaron ahí estiveron todos e teño que falar de todos igual.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Alcalde, non me contestaches ao tema plantexado por mín e estamos mezclando os temas e non teñen nada que ver unha cousa con outra; a este persoal non se lle pode dar unha gratificación, esa é a miña opinión, en todos caso horas extraordinarias; gratificación hai que darlle aos funcionarios, facer un informe por parte do Concelleiro por traballos realizados fóra de xornada laboral, os laborais teñen goras extraordinarias e a Lei tamén os limita, polo tanto, si están a facer un traballo específico fóra da xornada, que se compense con horas extraordinarias. a gratificación, ademáis, aquí hai que motiva-la, porque ven sen motivar, ¿qué traballos fixo esta xente? eso hai que motiva-lo, ¿con cargo a qué partida vai? e o informe non aclara nada disto, simplemente se dí que hai disponibilidad orzamentaria pero non fala da disponibilidad de persoal funcionario ou persoal laboral, entón a miña opinión é que isto é ilegal, se fora persoal funcionario e viñera avalado como marca a lexislación á que fai alusión o Interventor no seu informe, non tería problema, agora ben, ao persoal laboral, neste concepto non se lle pode dar, en todo caso darlle horas extraordinarias; eu entendo que hai xente que está adicada pero non se pode facer así e, coidado que esta xente non cobre horas extraordinarias aparte da gratificación, me parecería máis grave aínda. A hora extraordinaria dun traballador do Concello de Ares, ¿sabes canto supoñía? eso está tipificado por lei, non hai lugar a dúbida, esta tipificado por convenio, outra cousa é que se negocie con él outra cousa, si se lle aplica o que está no convenio eso sale carísimo, non estamos falando de ningunha tontería.

Resposta o Sr. Alcalde: Segundo o Secretario esto é legal.



Toma a palabra o Sr. Secretario: No marco da autonomía de vontade das partes para negociar as condicións de traballo no convenio, que ademais o negociaches ti, está o sistema retributivo do funcionario, soldo base e complemento específico e a xurisprudencia remata dicindo que non se intente aplicar o sistema retributivo dos funcionarios ao persoal laboral, a partida orzamentaria va a persoal laboral e sí que hai partida, eso podes fala-lo con Cermen porque sí que hai partida retributiva

O Sr. Luis Cendán : Xa, pero sabes que, entre outras cousas, hai que motiva-lo qué traballos se realizaron, a qué partida orzamentaria vai, o tes que facer constar no orzamento porque por eso eres o Interventor, poñe-lo ahí e dicir que hai partida e sabes, porque o fas constar no informe, que é persoal funcionario e o persoal funcionario ten gratificacións, o persoal laboral ten horas extraordinarias e non fala de Convenio; o persoal funcionario non ten ningún convenio, o único que ten convenio é o persoal laboral e non ten nada que ver unha lexislación coa outra. Ti no informe falas dunha resolución a 4 laborais e en cambio no informe falas dos funcionarios..., aplícalle a lei laboral, aplícalle o Convenio ao informe.

Resposta o Sr. Secretario: Pero o convenio é o sistema retributivo dos funcionarios, mire o convenio Sr. Luis Cendán.

O Sr. Luis Cendán: Sabes perfectamente que é así, eu non entendo de leis pero ti en tódala lexislación aplicable que pos no informe fala de funcionarios e os artigo, se queres os leo, o que dí cada artigo, creo que é sinxelo de discernir por calquera persoa.

O Sr. Secretario: Aquí é igual Luis, laboral que funcionario.

O Sr. Luis Cendán: Esto está coxo e o sabes mellor que eu porque ademais da disponibilidade presupuestaria ten que vir acompañado da partida e facer referencia a ela, sexa laboral ou sexa o que sexa, empezando por ahí; cun informe do Concelleiro responsable ou ben do funcionario especificando qué traballo se fixo a maiores, eso que conste ben no expediente. Sei que hai xente que traballa máis que outra e o tema do abuso das hoas extraordinarias ou da produtividade era un abuso, había xente que estaba un ano cobrando a produtividade, se decidiu iso e tivo o seu coste político incluso, pero sei que é inxusto pero en tema de persoal moitas veces hai que templar gaitas, sabemo-lo que é e, sobre todo cando a uns se lles incentiva e a outros non, polo menos se se fai , que se faga con todo o soporte legal posible, é o que estou a dicir, esto vai costar na conta xeral e non sei si por parte do Interventor se está a face-lo reparo ás nóminas, porque descoñezo si se está a facer, pero eso vai constar ahí, alguén o denuncia e iso vai constar ahí, tirarán ou non tirarán pero esto queda mal pechado.

Punto núm. 7.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-



a) MOCION DO BNG "CELEBRACIÓN 17 DE MAIO DIA DAS LETRAS GALEGAS".

Dase conta da moción do BNG do seguinte teor literal:

MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do 17 de Maio, Día das Letras Galegas, presenta este ano 2010 especiáis características que reafirman o carácter reivindicativo desta data. Nunca até o momento, nos case 30 anos de vixencia do actual Estatuto de Autonomía, un goberno da Xunta de Galiza se atreverá a aplicar unha política lingüística tan agresiva e regresiva, chegando á vulneración da legalidade vixente e á anulación dos dereitos democráticos no ámbito lingüístico. Esta estratexia, deseñada en base á construción dunha monumental mentira (a imposición do galego), abrangue a práctica totalidade das consellarías e departamentos do Goberno galego, e ten a ver tanto coa imposición de medidas político- administrativas que relegan ou exclúen o galego, así como con liñas discursivas e de actuación práctica que devalúan e estigmatizan o noso idioma.

Así ocorre, singularmente, no caso de ensino. As denominadas "Bases para o Decreto do Plurilingüismo" consideran na práctica ao galego como un idioma non apto para o ensino das matemáticas, da física, da química ou da tecnoloxía. Mesmo van provocar que milleiros de nenas e nenos galegos non teñan dereito durante toda a etapa infantil (até os seis anos) a manieren un mínimo contacto coa lingua galega no propio sistema educativo. Perséguese, en definitiva, o uso e o contacto co noso idioma precisamente ñas franxas de idade máis sensíbeis.

Esta obsesiva vontade é tamén comprobábel noutros ámbitos: modifícase a Lei da Función Pública para eliminar calquera proba obrigatoria en galego nos procesos selectivos de persoal, vulnérase a Lei 4/2006 no referente ao uso público do galego por parte de membros e altos cargos do Goberno, exclúese o galego das oposicións ao ensino e á sanidade, suprímense subsidios á tradución ao galego (caso único no Estado español), exclúese o galego de diversas páxinas web oficiáis, realízanse campañas institucionais en español (Galicia Calidade), instálase sinalética en español ñas estradas (Xacobeo), e así sucesivamente. Mesmo chegan a "enxalzar" a figura de Uxío Novoneira, a quen este ano se lie dedica a conmemoración do Día das Letras, traducindo a súa obra ao español.

Sofre Galiza, daquela, un Goberno que legisla e dita noimativas co obxecto de reducir aínda en maior medida a presenza da lingua galega nos ámbitos máis diversos, que toma decisións concretas para residualizalo na propia administración, que vulnera e incumpre a legalidade vixente e de obrigado cumprimento, e que pretende inculcar na sociedade os peores esquemas de desprezo, de humillación, de anulación colectiva.



Por todo isto, o 17 de Maio, Día das Letras Galegas, está convocada unha manifestación dos galegos e galegas en defensa do idioma galego, polo que se lie propon ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Apoiar activamente a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma e que terá lugar o próximo 17 de Maio, en Santiago de Compostela. Con tal fin facilitará o transporte colectivo para aquelas persoas que decidan sumarse a esta mobilización social.
2. Reiterar o acordó adoptado polo Pleno con data 28-01-2010 no sentido de rexeitar ás "Bases para o Decreto de Plurilingüismo" feitas públicas pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, e reafirmar o compromiso municipal co consenso establecido, no ámbito do ensino, no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado de xeito unánime polo Parlamento de Galiza en setembro de 2004.
3. Manifestar a adhesión ao texto da "Iniciativa Popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos", promovida pola Plataforma Queremos Galego."

Toma a palabra o Voceiro do BNG, quen manifesta que si o resto dos grupos non teñen ningún problema, que queden as mocións para o vindeiro Pleno, nós non temos ningún problema. O problema é que nunha moción teño que falar un minuto, o fago, pero o que acabamos de perder un cuarto de hora nun tema que nin siquera era para facer intervencións, enton non nos autorregulamos, o digo no bó senso, a mín dame igual que queden as mocións para o martes que ven.

O Sr. Alcalde dí: O 17 de maio xa pasou, estamos a 25 de maio, esa é a razón.

O Sr. Rodríguez Doval: ¿Pero qué queres, que retire a moción? a mín dame igual que se discuta hoxe, como dentro de 3 días.

O Sr Alcalde-Presidente: Como xa a leimos quero simplemente que a expoñas sen leela.

O SR. Rodríguez Doval: Pero si queredes as votamos sen intervir e listo, acabamos de perder...

O SR. Alcalde di: ¿Pero é tan difícil de enterder que pida, por favor, premura nas intervencións cando teño traballo ás catro da tarde.

O Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Bueno e eu tamén me teño que marchar,e teño que ir comer, pero acabo de facer referencia a que estiveches a falar un tempo dun tema no que sempre se fala un cuarto de gora en tódolos Plenos sen estar na Orde do día e eso me parece unha falla de delicadeza có resto, porque eu tamén quero falar diso pero seguro que si falo eu, me quitades a palabra. Votamos as mocións.



SR. Alcalde: Mira Manolo, normalmente nos Plenos se expoñen e se votan as mocións, normalmente, así que non digas moito porque eres dos que máis falas.

O Voceiro de NAL manifesta: Si estamos todos dacordo, votamos e xa está

O Sr. Rodríguez Doval di : Pero é que a mín me gusta intervir nas mocións... por mín que queden para o martes que ven e listo. Hai que ser sensato e ti non o eres Alcalde, votamos as mocións; agora ben, eu pedirei, cando se esté intervindo, que non se deixe falar dos temas que non estén na Orde do Día porque curiosamente esa é a resposta que se me da cando quero falar eu, ou cando fala a miña compañeira. Tivechedes un debate de vinte e pico minutos...

O Sr. Alcalde: Pero si houbo intervencións nas que interviñeches 4 veces.

O Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Eso é mentira, controla os Plenos, porque non controlas os Plenos. Cando te vexas xa verás como eres ti o que máis fala, na televisión e en tódolos sitios.

O Sr. Alcalde: Ocupando o tempo do grupo socialista e o meu, porque o grupo socialista ten voceiro, ¿dacordo? Entón eu falo o que me corresponde e non falo máis que o que me corresponde e te pido, por favor, que expoñas brevemente.

Sometida a votación o Pleno do Concello por sete votos a favor 2 BNG, 4 P.P. e 1 NAL, 5 votos en contra do PSdeG-PSOE e 1 Abstención do Sr.Echevarría Lage, Concelleiro non adscrito, acorda prestarlle a súa aprobación, á moción anteriormente transcrita.

b) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE “ABASTECIMIENTO SAN PEDRO DE CERVÁS”.

Dada conta Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE que seguidamente se transcribe:

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE NO CONCELLO DE ARES

MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES relativa á necesidade de executar o abastecemento na parroquia de San Pedro de Cervás

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha sociedade moderna e inmersa plenamente no século XXI debe ofrecer a todo o conxunto da cidadanía unha serie de servizos básicos. Isto, que semella unha obviedade, non é para os vecinos



dalgunhas parroquias e lugares do Concello de Ares, que siguen sen dispor de servizos tales como o saneamento ou o abastecemento.

Nos últimos tres anos, coincidindo coa chegada á Alcadía do PSOE, avanzouse moito nestes aspectos, acadando compromisos plasmados en actuacións determinantes, algunhas delas xa rematadas -como as obras no Alto de Simou- e outras en fase de execución -como o saneamento e abastecemento de Chanteiro-.

Nestas intervencións, as xestións realizadas polo rexedor aresán recibiron o apoio total da Consellería de Medio Ambiente socialista e de Augas de Galicia, que levaron a cabo importantes investimentos neste eido, desembolsando 188.037,24 euros na actuación relativa ao proxecto refundido para a dotación do saneamento e abastecemento do Alto de Simou e nada máis e nada menos que 1.328.264,76 euros no proxecto refundido da rede de saneamento e abastecemento de Chanteiro.

Pero aínda quedan intervencións por executar. Unha delas, comprometida polo departamento de Pachi Vázquez nunha reunión celebrada o 17 de decembro de 2008, é o proxecto de dotación de depósitos e colectores xerais de abastecemento para a parroquia de San Pedro de Cervás, orzamentado en 626.813,40 euros. Estas obras, que completaría, por atoparse na mesma zona, ás actualmente en execución en Chanteiro -lugar no que o servizo non poderla funcionar sen o abastecemento de Cervás- son fundamentais e, ademais, reclamadas ao longo de moitos anos polos seus vecinos e vecinas.

Ademais, non deixa de ser inxusto que unha parroquia como a de San Pedro de Cervás, que acollerá a estación depuradora de augas residuais e a que está a sufrir dun xeito máis notable as molestias das obras de execución de ditos traballos da EDAR, quede fóra da rede de abastecemento de auga.

Dende a chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta, nada se soubo ao respecto, agás o abordado ñas reunións entre o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e o alcalde de Ares e entre este último e Augas de Galicia. E a realidade é que unicamente existe unha resposta no Parlamento, alegando



problemas técnicos, que, curiosamente, non foron comunicados neste último ano nin ao Concello nin á empresa encargada da redacción do proxecto a instancias da administración local.

ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal insta á Consellería de Medio Ambiente e a Augas de Galicia a licitar as obras de abastecemento de Cervás, cumprindo o compromiso da Xunta de completar as obras de EDAR dotando destes servizos ao conxunto da parroquia, tanto na zona de Chanteiro como de Cervás.

Tamén reclama ao Governó galego que a obra se execute á maior brevidade posible, dado que, entre outras razóns, o abastecemento de Chanteiro non pode funcionar sen este servizo en San Pedro de Cervás.

Sometida a votación o Pleno do Concello Por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

c) Moción do P.P. “Rexeitamento anuncio conxelación das Pensións.

Dase conta da Moción do P.P. que seguidamente se transcribe:

MOCIÓN DE RECHAZO AL ANUNCIO DEL GOBIERNO POR EL QUE SE PROPONE LA CONGELACIÓN DE LAS PENSIONES

Las graves dificultades económicas y de paro que vive nuestro país y el desmesurado déficit público, obligan a adoptar medidas extraordinarias, también exigidas por nuestra pertenencia a la zona euro, que a su vez atraviesa un período de inestabilidad al que es preciso dar soluciones coordinadas. En este contexto el Presidente del Gobierno anunció el pasado 12 de mayo en el Congreso de los Diputados algunas decisiones que, de adoptarse, lesionarían injusta e



injustificadamente a más de 5 millones de pensionistas, rompiendo de paso uno de los logros mayores de nuestra democracia: el Pacto de Toledo.

Conviene recordar que dicho Pacto de Estado se alcanzó en 1995 entre todos los Grupos Parlamentarios, y mereció el respaldo de los sindicatos en 1996 mediante el Acuerdo sobre consolidación y racionalización del sistema de pensiones.

Estos acuerdos, fruto de un amplio y responsable diálogo político y social, sacaron a nuestra Seguridad Social de la incertidumbre económica y garantizaron un sólido compromiso de todos para hacer viable y sostenible nuestra Seguridad Social.

500.000 millones de pesetas de déficit, inseguridad de poder cobrar las pensiones e incertidumbre de los pensionistas para mantener su poder adquisitivo fueron, entre otras, razones para que todos los partidos asumieran el Pacto de Toledo y sus recomendaciones.

La Ley 24/1997, de 16 de julio, de consolidación y racionalización de la Seguridad, fue resultado directo del Pacto de Toledo, cuyo cumplimiento se quiso garantizar con la participación de todos los Grupos Parlamentarios, constituyendo al efecto una Comisión en el Congreso de los Diputados. Esta Comisión ha ido evaluando el cumplimiento de compromisos y recomendaciones desde entonces y lo ha hecho con eficacia y con rigor bajo diversos gobiernos.

En la actualidad está examinando un documento de fecha 29 de enero de 2010, enviado por el Gobierno para examen y debate, de modo que los acuerdos que pudieran alcanzarse dieran lugar a aquellas reformas y modificaciones legales pactadas entre todos los grupos políticos, sin olvidar la participación de los agentes sociales en el proceso de diálogo social actualmente abierto.

El anuncio de recortes en los derechos de los pensionistas, principalmente el derecho a la revalorización en función del IPC (artículo 11 de la Ley 24/1997, de 16 de julio), viene a romper el Pacto de Toledo, una de las más importantes conquistas de nuestra democracia. Estos recortes privan de derechos a más de cinco millones de pensionistas y nos hace retroceder a los tiempos en los que el Gobierno, según criterios de oportunidad y de conveniencia política, daba o negaba la revalorización de las pensiones y, por tanto, daba o quitaba poder adquisitivo a las debilitadas economías de los pensionistas.

Se producirían otros efectos adicionales e indeseables de empobrecimiento para los pensionistas al bloquear "sirte die" la base sobre la que se actualizarían las pensiones tras el bloqueo de su cuantía que plantea ahora el Gobierno.



La experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas con la elevación de impuestos, en especial el IVA (2 puntos de subida en julio próximo), generan problemas añadidos en el consumo y en el empleo, cuya evolución, si no se corrige con reformas adecuadas, pondrá en peligro los ingresos por cotizaciones, que son esenciales para mantener nuestro sistema de Seguridad Social.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular, eleva al Pleno para su consideración la siguiente

MOCIÓN

1º) Instar al Gobierno de la Nación a que elimine las medidas previstas para la supresión de la revalorización de las pensiones contributivas.

2º) Solicitar que se convoque la Comisión del Pacto de Toledo de modo urgente para reanudar los trabajos de la misma, a fin de que se acuerden por todos los grupos las reformas que sean necesarias para que se garantice la viabilidad y el futuro de nuestro sistema de Seguridad Social.

Sometida a votación o Pleno do Concello por 6 votos a favor 4 P.P. 1 NAL e 1 do Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

d) Moción do BNG “MOCIÓN EN CONTRA DOS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO”.

Dase conta da Moción do BNG que seguidamente se transcribe:

MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES. CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNÓ DO ESTADO

As medidas que en materia de política económica fixo públicas o goberno do Estado e que se aprobaron en Consello de Ministros o 20 de maio, coas que se pretende reducir o déficit público, concréntanse, entre outros aspectos, na conxelación das pensións contributivas para 2011, na redución do salario dos funcionarios e funcionarías nun 5%, na negativa a que se cobre retroactivamente as axudas establecidas na Lei da Dependencia e na supresión do cheque-bebe. Son medidas que significan claros recortes sociais e diminúen o poder adquisitivo da maioría da poboación, e polo tanto



reducen o seu poder de compra, o que vai dificultar un aumento do consumo e da demanda interna que son fundamentais para saír da crise.

A redución salarial aos funcionarios e funcionarías é unha medida demagóxica, na liña de que non todos os traballadores e traballadoras da función pública teñen o mesmo salario, non pasando moitos deles dos 700 euros e non superando o 53% deles os 1000 euros mensuais, pero tamén agocha unha intenciónalidade nefasta para o conxunto da sociedade pois significa avanzar na privatización dos servizos públicos. Mesmamente pártese dunha premisa falsa de que o sector público está sobredimensionado, cando o número de traballadores e traballadoras públicos no Estado é inferior á media da Unión Europea, e que vai dificultar a reactivación económica posto que significa perda do poder adquisitivo e iso vai afectar ao comercio, a hostalería e ao conxunto da actividade económica.

A decisión de conxelar en 2011 as pensións contributivas resulta particularmente gravosa en Galiza, xa que contamos cunha poboación envellecida, e as pensións galegas xa se sitúan a cola do Estado. Nesta liña hai que lembrar que son precisamente as persoas pensionistas as que se sitúan na cabeza dos índices de pobreza en Galiza, na medida que boa parte dos nosos xubilados e xubiladas cotizaron no réxime especial agrario polo que as súas pensións son baixas.

A supresión das políticas de apoio a natalidade, con independencia de que na súa formulación actual non se atendese a criterios de progresividade e de renda, son necesarias, se atendemos aos problemas demográficos e á necesidade de impulsar a renovación xeracional. Neste sentido consideramos que son precisamente nos momentos de crise económica, cando é máis necesaria a posta en marcha de políticas activas nesta materia polo que consideramos absolutamente inoportuno a supresión do "cheque-bebe", se ben defendemos a súa reformulación a fin de que só algúns tramos de rendas se beneficien do mesmo.

Tamén son especialmente negativas o resto de medidas, nomeadamente a supresión da reactividade no pago das axudas á dependencia, o que significa a alteración mesmo da normativa pola que se implementa esta lei.

O BNG considera que este paquete de medidas económicas, responden a lóxica da dereita, de pretender transferirlle o custo da crise económica as clases traballadoras e aos sectores sociais máis desfavorecidos economicamente, precisamente a aquelas persoas que non tiveron ningunha responsabilidade na crise que se está a vivir e que tampouco se beneficiaron do crecemento especulativo que provocou esta situación. Hai outras saldas a crise económica, pero as propostas do Goberno entroncan directamente coas políticas do mesmo paradigma neoliberal que provocou a crise.

Hai outras políticas que permiten conter o déficit sen reducir prestacións e servizos sociais. Debe impulsarse a austeridade do gasto público vinculado a un adelgazamento da estrutura administrativa no Estado. Son necesarias medidas como a supresión de Ministerios con competencias cedidas ás Comunidades Autónomas e a supresión das Deputacións Provinciais. Ademais, no gasto militar existe moito marxe para a súa



redución, nomeadamente no relativo á presenza de tropas españolas en ocupacións militares noutros países. Pero tamén se pode conter e reducir o déficit mediante un incremento dos ingresos, impulsando unha reforma fiscal que incremente a xustiza, e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando máis a quen máis ten.

As medidas contidas no Decreto van agravar a situación económica. A perda do poder adquisitivo significa automaticamente unha baixa no consumo o que atrasará a recuperación económica, tal e como recoñeceu o presidente do Goberno. A prioridade do Goberno do Estado ten que ser o impulso ao crecemento económico e ás medidas de loita contra o desemprego, e non someterse ao ditado dos mercados.

Esas mesmas prioridades son as que deben guiar a acción da Xunta de Galiza. A total ausencia dunha Xunta que non está nin se He espera só se ve rachada polas políticas de destrución e privatización de servizos públicos e recortes sociais. A consecuencia destas políticas vímolos no primeiro trimestre de 2010, onde Galiza é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro.

Polo tanto, tamén temos que exixir do Goberno galego un xiro de 180 grados, de xeito que garanta os servizos e as prestacións públicas, e impulse medidas activas para dinamizar a economía e os sectores produtivos, así como para revertir a gravísima tendencia que está a amosar o paro no noso país.

Por iso, o grupo municipal do BNG propon ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes das pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.

2. Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:

a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da Administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.

b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.

c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o estatus xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.

d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos



mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.

e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.

f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.

3. Instar á Xunta de Galiza a:

a) Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.

b) Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 2 votos a favor do BNG, 9 en contra 5 PSdeG-PSOE e 4 P.P. e 2 abstencións, acorda rechaza-la moción.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e cuarenta minutos e do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,